

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 24 de NOVIEMBRE de 2017**

Orde do día dos asuntos que se han tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 24 de novembro, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional co gallo do 25 de novembro de 2017, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.](#)

Actas

[1.-Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Juan Alonso Tembrás](#)

[2.-Toma de posesión da deputada do Partido Socialista, dona Patricia Blanco Fidalgo.](#)

[3.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/17, do 27 de outubro.](#)

[4.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 24 de outubro ata o 20 de novembro de 2017.](#)

[5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia sobre o nomeamento de membro da Xunta de Goberno.](#)

[6.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.](#)

[7.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario do duodécimo mes do ano 2017.](#)

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[8.-Aprobación do convenio coa Real Academia Galega para financiar a Programación do ano 2017.](#)

[9.-Aprobación do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para financiar a programación para o fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2017.](#)

[10.-Aprobación do convenio coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premios María Casares 2017.](#)

[11.-Aprobación do convenio coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a Programación do ano 2017.](#)

[12.-Aprobación do convenio coa Mesa pola Normalización Lingüística para financiar a actividade “A liña do galego 2017”.](#)

[13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar a Programación anual 2017](#)

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio- Pedagóxica Galega (AS-PG) para financiar a “Enciclopedia da historia da Literatura Galega dixital, 2016-2017”

15.-Concesión de subvención nominativa ao Concello de Betanzos para financiar a subministración de *Instalacións audiovisuais no Cine Alfonsetti* e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Deportes e Mocidade

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Abrente para financiar a realización do proxecto “Circuíto de Travesías e Xogos pola Inclusión”.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

17.-Aprobación da modificación da programación plurianual do PEL 2016-2019.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

18.-Aprobación inicial do expediente de desafectación e cesión de titularidade dun predio no Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), en favor do Concello de Arteixo.

19.-Modificación do acordo do Pleno celebrado en sesión plenaria de 27 de outubro de 2017.

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

20.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2017. VIII Fase: DP 4001 mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 4001 Baio a Laxe, PQ 0+000 ao PQ 5+690 (Zas e Laxe); DP 1802 proxecto de ampliación de plataforma e taboleiro na ponte sobre o río Rebardilla na DP 1802 PQ 10+650 (As Pontes).

21.-Aprobación do Plan de conservación en vías provinciais 2017. V Fase: DP 2901 mellora de firme con MBQ na DP 2901 Coristanco a Cereo PQ 0+000 ao 2+750 (Coristanco); DP 3301 mellora capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP 3301 Rianxo a Bexo por Isorna PQ 5+000 ao PQ 10+200 (Rianxo).

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), para cofinanciar o “Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2017”.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento da obra “Acondicionamento do campo de fútbol de Oroso”.

24.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Melloras de accesibilidade no distrito 4” do Concello da Coruña incluída no Plan de acción social (PAS) 2015, 3ª fase (código 2015.3110.0044.0).

25.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Cuberta e outros no Parque da Lagoa de Mera” do Concello de Oleiros, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0122.0).

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boqueixón para o financiamento do “Plan para a promoción conxunta do Entroido rural tradicional dos Xenerais da Ulla 2017”.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre para o financiamento da “II Romaría galaico romana - Galaicoi”.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

28.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraintendidos e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2017.

29.-Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do concello de Teo para a recadación en período voluntario e executiva da taxa por ocupación do dominio público con mesas e cadeiras.

30.-Aprobación da modificación do artigo 3.A da Ordenanza nº 16 de prezos públicos aplicables ás actividades culturais, teatrais e escénicas que se han desenvolver no Teatro Colón da Deputación da Coruña.

31.-Aprobación do cadro de persoal, da relación de postos de traballo e dos organigramas para 2018

32.-Aprobación do orzamento xeral para o exercicio económico 2018 e bases de execución

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

I.-Moción para la reducción del porcentaje de cobro a los ayuntamientos por la gestión da recadación en período voluntario

II.-Moción da Plataforma SOS Sanidade pública de Galicia para a retirada do anteproxecto de modificación da Lei galega de saúde do ano 2008

ROGOS E PREGUNTAS

| | |
|---|------|
| D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO | PSOE |
| D. XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| D. MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| D. LUIS RUBIDO RAMONDE | PP |
| D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI | BNG |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN | PP |
| D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS | PP |

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e doce minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Recibíronse na Secretaría Xeral desta Deputación dúas credenciais expedidas polo presidente da Xunta Electoral Central, na que se acredita, por unha banda, que para substituír ao deputado renunciante, don Gumersindo Pedro Galego Feal, foi designado deputado provincial, don Juan Alonso Tembrás, suplente na listaxe de persoas candidatas presentadas polo Partido Popular no distrito electoral de Ferrol, nas pasadas eleccións locais de 2015, e por outra banda, que foi designada deputada provincial dona Patricia Blanco Fidalgo, en substitución, por renuncia, de don Julio Sacristán de Diego, por figurar como suplente na listaxe de persoas candidatas presentada neste caso polo Partido dos Socialistas de Galicia, Partido Socialista Obrero Español, no partido xudicial da Coruña, nesas mesmas eleccións locais de 2015.

Tanto don Juan como dona Patricia formularon declaración sobre causas de posible incompatibilidade sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lles proporcionan ou lles poden proporcionar ingresos económicos, reúnen, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como membros do Pleno desta Deputación provincial.

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON JUAN ALONSO TEMBRÁS

Don Juan Alonso Tembrás toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-TOMA DE POSESIÓN DA DEPUTADA DO PARTIDO SOCIALISTA, DONA PATRICIA BLANCO FIDALGO.

Dona Patricia Blanco Fidalgo toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputada provincial.

Sr. Presidente

Lemos unha declaración institucional co gallo do 25 de novembro de 2017, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Sr. Secretario

Esta declaración está asinada polos voceiros de todos os Grupos políticos representado nesta Corporación e di o seguinte:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2017, DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

As mulleres e os homes que formamos parte da corporación da Deputación da Coruña manifestamos que a violencia machista é un dos problemas máis graves ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Un tipo de violencia que sofren as mulleres polo simple feito de o seren, unha desigualdade silenciada, agochada e en moitos casos normalizada. Segundo os datos da última Macroenquisa de violencia contra as mulleres realizada no 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, un 13% das mulleres residentes en España de máis de 16 anos declaran ter sufrido violencia física ou sexual nalgún momento da súa vida por parte da parella ou exparella, un 26% violencia psicolóxica de control —ciúmes, control de horarios e actividades etc. e un 20% violencia psicolóxica emocional —insultos, intimidacións, ameazas verbais, etc. E constatando cifras tan alarmantes como que desde o ano 2010 até o que vai de 2017 hai constancia de 55 feminicidios só en Galicia.

A causa de todas estas violencias está directamente vinculada coa hexemonía aínda vixente na nosa sociedade dunha cultura patriarcal, a través da cal se reproducen os roles de xénero, os comportamentos discriminatorios e machistas e un sen fin de desigualdades sociais para as mulleres. Por iso mesmo, a súa erradicación esixe a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria. Tal e como teñen manifestado de forma reiterada os movementos de mulleres e feministas, é preciso tomar conciencia de que o machismo mata e fai imposible a convivencia requirida nunha democracia.

Este pleno, por unanimidade, considera que a loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para todas as administracións públicas. No caso dos gobernos do estado e do goberno galego, parece claro que esta problemática ten que ocupar un lugar central na axenda política. A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero, os resultados amosan que os

esforzos realizados non foron suficientes e que é preciso recoñecer os erros e emendalos. Neste senso, é urxente mellorar o marco legal actual, entre outras cousas, revisando a propia definición de violencia de xénero e o seu alcance, recoñecendo xuridicamente o fenómeno do feminicidio e incluíndo apoio económico, psicolóxico e social tanto para as mulleres nesta situación como para os fillos e fillas, etc. Tamén é necesario que estas administracións destinen máis recursos públicos para a abordaxe desta problemática e que garantan o traballo en materia de igualdade no ámbito preventivo e educativo. Neste senso, unha vez máis instamos á Xunta de Galicia a que avance na concreción do Pacto galego contra as violencias machistas acordado por unanimidade polo Parlamento galego o pasado 25 de xaneiro, e que, en todo caso, comece por incrementar o orzamento de 2018 para a prevención e a loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres co obxectivo de acadar o 1% do orzamento da Xunta.

A Deputación da Coruña comprométese a seguir incrementando os programas e recursos que pon actualmente a disposición dos concellos e entidades da provincia así como a colaborar e coordinarnos en todas as accións que se leven adiante desde os concellos, as entidades e o goberno galego. Nesta liña de colaboración tamén garantimos o noso apoio ás mobilizacións nacionais e locais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

3.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 11/17, DO 27 DE OUTUBRO.

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Simplemente facer mención a un erro que hai, que se me atribúe unha frase a min que non é miña, que é do presidente, cando di “aínda que sei que Gelo vainos matar, unha proposta do interventor era que creáramos un Senado provincial paralelo onde tiveran cabida os deputados eméritos”, a frase non é miña.

Sr. Presidente

Pero a que non estaba errado eu cando dicía iso?

Sr. García Seoane

A frase era do presidente, non de García Seoane.

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 11/17, do 27 de outubro.

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DESDE O 24 DE OUTUBRO ATA O 20 DE NOVEMBRO DE 2017.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 24 de outubro ata o 20 de novembro de 2017.

5.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 35609, sobre o nomeamento do deputado provincial don Bernardo Fernández Piñeiro, como membro da Xunta de Goberno.

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 21 de novembro de 2017, a composición das comisións informativas é a seguinte:

| COMISIÓN | PRESIDENTE SECRETARIO ¹ | PP | PSdeG-PSOE | BNG | MAREA ATLÁNTICA | COMPOSTELA ABERTA | ALTERNATIVA DOS VECIÑOS |
|--|--|--|---|--|------------------------|-------------------|-------------------------|
| Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno | Presidente: José García Liñares Secretaria: Manuela Muñiz Souto | Carlos Vázquez Quintián José C. Calvelo Martínez Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández | José García Liñares Antonio Leira Piñeiro Bernardo Fernández Piñeiro | Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero | Claudia Delso Carreira | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |
| Cultura e Normalización Lingüística² 17:00 h luns ³ Semana anterior ao Pleno | Presidenta: M^a Goretti Sanmartín Rei⁴ Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat | Teresa Villaverde Pais Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde | Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro | Xosé Regueira Varela M ^a Goretti Sanmartín Rei | Daniel Díaz Grandío | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |
| Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno | Presidenta: Ánxela Franco Pouso Secretaria: Carolina Buhigas Jack ⁵ | Carlos Vázquez Quintián Mariel Padín Fernández José Manuel López Varela Luis Rubido Ramonde | Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras | Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín | Rocío Fraga Sáenz | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |

¹ RP 2015/16983 e RP 2015/16984, nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

² PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

³ COMISIÓN CULTURA 18-01-2016. Modifica réxime sesión da comisión, pasa ás 17h

⁴ RP 2016/34, nomeamento presidenta CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

⁵ RP 2015/20483, modifica RP 2015/16984

| COMISIÓN | PRESIDENTE SECRETARIO ¹ | PP | PSdeG-PSOE | BNG | MAREA ATLÁNTICA | COMPOSTELA ABERTA | ALTERNATIVA DOS VECIÑOS |
|--|--|---|--|---|---------------------|-------------------|-------------------------|
| Promoción Económica e Emprego 18:00 h martes Semana anterior ao Pleno | Presidente: José Luis García García Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón | Teresa Villaverde Pais José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero | José Luis García García José García Liñares José M. Pequeño Castro | Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso | Rocío Fraga Sáenz | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |
| Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno | Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández ⁶ | Teresa Villaverde Pais José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad | Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro Antonio Leira Piñeiro | Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero | Daniel Díaz Grandío | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |
| Contratación, Patrimonio e Equipamento 18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno | Presidente: Xesús Manuel Soto Vivero Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández ⁷ | Carlos Vázquez Quintián José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela | José Luis García García José García Liñares Antonio Leira Piñeiro | Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero | Daniel Díaz Grandío | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |

⁶ RP 2017/03569, modifica RP 2015/16984, novo secretario CI

⁷ RP 2015/20483, modifica RP 2015/1694

| COMISIÓN | PRESIDENTE SECRETARIO ¹ | PP | PSdeG-PSOE | BNG | MAREA ATLÁNTICA | COMPOSTELA ABERTA | ALTERNATIVA DOS VECIÑOS |
|--|--|--|--|---|------------------------|-------------------|-------------------------|
| Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico⁸ 17:30 h xoves Semana anterior ao | Presidente: Xosé Regueira Varela⁹ Secretaria: Susana Rouco Penabad | José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez Mariel Padín Fernández José Manuel López Varela Manuel Rivas Caridad | José Luis García García José M. Pequeño Castro Juan V. Penabad Muras | Manuel Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela | Rocío Fraga Sáenz | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |
| Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno | Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde | Susana García Gómez Mariel Padín Fernández José Manuel López Varela Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde | Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras | Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero | Claudia Delso Carreira | Manuel Dios Diz | Ángel García Seoane |

⁸ PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

⁹ RP 2016/34, nomeamento presidente CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

7.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO DUODÉCIMO MES DO ANO 2017.

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, que é aprobado por unanimidade.

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia, e por unanimidade apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2017 correspondería celebrala o día 29 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2017 celebrarase o día 22 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2017.

INTERVENCIÓNS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente, bos días. Como é coñecido, neste punto 8, e tamén nos puntos, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 22, 23, 26 e 27, este Grupo abstívose nas correspondentes Comisións informativas, reservándonos o posicionamento como Grupo para o devandito Pleno.

A pesar de que nalgunhas comisións debatemos ao respecto das subvencións nominativas, á súa aprobación, así como ao respecto da existencia delas, creo

necesario e imprescindible deixar constancia do noso posicionamento como Grupo principal da oposición para os efectos de que este conste en acta e tamén para os efectos de que, por parte deste Goberno bipartito da Deputación se adopten as medidas para evitar unha situación que consideramos absolutamente inaceptable e que unicamente é responsabilidade do Goberno.

Os trece expediente aludidos ao inicio da miña intervención constan dun informe da Intervención desfavorable, co reparo suspensivo baseado nos seguintes motivos, falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta, o que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do Texto refundido da Lei de facendas locais, así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei de subvencións para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta, falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial e conceder o coeficiente correspondente de financiamento, e o terceiro punto, ausencia dun Plan estratéxico de subvencións.

Os informes teñen motivacións idénticas, con independencia de que en tres das subvencións nominativas que van ser hoxe tratadas neste Pleno, en concreto nas correspondentes ao convenio coa Real Academia Galega para financiar a programación do ano 2017, ao convenio coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premios María Casares 2017, e por último, tamén a do convenio coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega para financiar a programación do ano 2017, as subvencións nestes tres casos aparecen reflectidas de xeito individual e singularizado, nas bases de execución do orzamento 2017, seguindo o marcado polo artigo 22.2 da Lei 38/2003 de subvencións.

Con independencia desta primeira observación, e co máximo respecto aos informes da Intervención da Deputación, o Grupo provincial quere deixar constancia do seu rexeitamento da situación na que nos atopamos, na que o levantamento dos reparos suspensivos estase convertendo nunha práctica habitual desta Corporación. Non é de recibo que ante a reiteración de informes suspensivos, a única proposta do Goberno é que o Pleno da Corporación faga uso da súa potestade, e levante o reparo. Por responsabilidade, por coherencia cos precedentes que existen, e para non prexudicar as entidades, colectivos e concellos, neste Pleno o Grupo provincial Popular vai votar a favor destes puntos, pero advertimos que a situación non pode perdurar *sine die*, é necesario cambiar esta situación e nós consideramos que é unha responsabilidade exclusiva do Goberno.

O posicionamento do Grupo Provincial Popular nesta materia é claro, e foi expresado en repetidas ocasións. Nós consideramos que as subvencións nominativas son parte esencial do orzamento provincial, a súa limitación cuantitativa e porcentual respecto do total do orzamento provincial pode ser, efectivamente para este Goberno é un tema a analizar e comprometer, pero non de xeito apriorístico e, certamente, na nosa opinión, improvisado, como fixo este Goberno ao principio do mandato, senón froito dunha reflexión como consecuencia dunha planificación provincial das subvencións. Tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento,

recollen a posibilidade de concesión de subvencións de xeito directo, artigo 22.2 da Lei e artigos 65 e 67 do seu Regulamento.

No artigo 22.2 determínase que poderán concederse, de forma directa, as seguintes subvencións: en primeiro lugar as previstas nominativamente nos Presupostos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das entidades locais, polo tanto poden estar incluídas nos orzamentos da Deputación, nos termos recollidos nos convenios e na normativa destas subvencións. Para efectos do establecido no parágrafo anterior, continúa a lei, enténdese por subvención prevista nominativamente nos presupostos xerais do Estado aquela na que, polo menos, a súa dotación presupostaria e beneficiarios aparezan determinados nos estados do gasto do presuposto, como ocorre nalgúns subvencións que temos nesta Deputación. O obxecto destas subvencións, continúa a lei, deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración por resolución de concesión, que en todo caso deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito presupostario.

Tamén di a lei un segundo caso, b), que se poden outorgar subvencións nominativas de forma directa aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación, de acordo coa súa propia normativa. E, por último, un apartado c), que di que con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico, ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública. Iso en definitiva é o que recolle a lei.

Polo tanto, as subvencións nominativas son unha ferramenta lóxica, necesaria, útil, razoable e conveniente para calquera administración, e especialmente, na nosa opinión, para unha administración como é a provincial.

Por outra banda, temos que lembrar tamén que a Lei de subvencións sinala no seu artigo 8 que as administracións teñen a obriga de redactar, aprobar e dispoñer dun Plan estratéxico de subvencións, que determine obxectivos e efectos das subvencións, así como as fontes de financiamento e os seus prazos.

Falta de xustificación das razóns da concesión, do importe da subvención e ausencia dun Plan provincial de subvencións son os eixes sobre os que pivotan os reparos da Intervención provincial, dúas circunstancias nas que a responsabilidade do Goberno provincial é total.

De pouco ou de nada vale botar a vista atrás, dígoo porque xa o temos feito en diferentes Comisións, para discutir se había máis nominativas hai dez, cinco, ou dous anos, ou o tipo de reparo dos informes que daquela estaban incluídos nos respectivos expedientes. De pouco ou de nada vale reflexionar sobre que a necesidade dun Plan de subvencións xorde da aplicación dunha lei vixente desde o ano 2003. A realidade é que a Deputación ten que facer un Plan de subvencións, responsabilidade do Goberno, e que nos expedientes, tamén é certo, hai que xustificar a excepcionalidade, así como a imposibilidade de concorrencia pública, responsabilidade tamén daqueles que solicitan as subvencións e do Goberno que ten a competencia e a obriga de xestionar o día a día desta casa.

Levamos máis de dous anos deste Goberno e a única proposta do bipartito provincial é trasladar a responsabilidade ao Pleno. Nós consideramos que iso é inaceptable.

O Grupo Provincial Popular non vai permanecer impasible ante os reiterados reparos da Intervención, posto que cremos que é obriga do Goberno corrixir as deficiencias manifestadas de xeito reiterado nos referidos informes. A Deputación pode, na nosa opinión debe, ter liñas de subvencións nominativas para atender necesidades sobrevividas, tamén para facer fronte a gastos que estean debidamente soportados no correspondente Plan estratéxico. Quen non entendería que a Deputación tivera ferramentas para responder a unha catástrofe natural, asolagamentos, xeadas, pedraza, seca?, quen non entendería que a Deputación teña ferramentas para dar subvencións nominativas a colectivos únicos e específicos da nosa provincia, de ámbito cultural ou social, ou para atender necesidades de emerxencia social sobrevivida? Nós cremos que todos eses supostos estarían xustificadas, deberían de estar recollidos no orzamentos e deberían, polo tanto, tamén estar recollidos no correspondente Plan estratéxico, como tamén entenderíamos que é necesario e razoable que a Deputación poida responder a necesidades sobrevividas en materia de impulso económico, axudas ao tecido empresarial, seguridade viaria, axudas a colectivos vulnerables que o necesiten, etc., etc., sempre dentro da excepcionalidade e da singularidade.

En definitiva, nós consideramos que é responsabilidade do Goberno redactar ese Plan estratéxico que agardamos por el e asegurar que as subvencións nominativas estean dentro do ámbito previsto na normativa de aplicación, e axustar os expedientes ao seu cumprimento. O que non é de recibo, segundo este Grupo, é que, loxicamente, obviamente, non imos continuar apoiando, e que sigamos na fuxida cara adiante, con reparos suspensivos, que reiteran deficiencias, Pleno tras Pleno. Moitas grazas, e máis nada.

Sra. Sanmartín Rei

A verdade é que moitas voltas tivo que dar o portavoz do Grupo Popular para non votar a favor dun convenio coa Real Academia Galega, coa Universidade de Santiago de Compostela, coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia, coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, coa Mesa pola Normalización Lingüística, co Auditorio de Galicia...

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Creo que Goretti escoitaría o final da miña intervención, pero xustamente ao principio non debía de estar suficiente atenta, porque dixeran que o Grupo Provincial Popular vai votar a favor de todos os puntos, pero que poñemos enriba da mesa unha cuestión que creo que non podemos mirar para outro lado. Podería ser tan curto como isto, pero cada un falamos como consideramos.

Sra. Sanmartín Rei

De acordo, pido desculpas entón, porque si que é certo que non entendín ben, entendín polo comezo da intervención que non ían votar a favor, daquela pido desculpas por non entendelo así, e de todas maneiras quero facer unha serie de reflexións respecto destas consideracións que nos traslada o portavoz do Partido Popular, e que é certo que xa foron debatidas algunhas delas tamén na propia Comisión.

Eu quero deixar aquí enriba da mesa tamén unha serie de cuestións que debateremos e sobre as que imos seguir avanzando. Por un lado que é certo, como el acaba de recoñecer, que desde o ano 2002 había que ter un Plan estratéxico de subvencións, é dicir, que levamos moitísimo tempo sen ese plan, un plan en que este Goberno está traballando, un plan que temos enriba da mesa, e un plan que se vai concretar. Pero ademais desa cuestión, é que desde moitos anos atrás lévanse levantando reparos aquí, leva habendo subvencións nominativas en cantidades moitísimo máis grandes que as que están agora con reparos, que significan, como xa foi informado tamén polo persoal técnico nesas comisións, significan o mesmo que estes reparos, significan o mesmo, significaban o mesmo. As nominativas de certas cuestións, que neste caso desde a nosa perspectiva o que si fixemos foi reducilas á mínima expresión, entendendo que tiñan que ser como subvencións nominativas, por exemplo neste caso, aquelas entidades absolutamente singulares, únicas, que non poden ir en concorrencia competitiva, porque o que fixemos desde que estamos neste Goberno foi ordenar xustamente todas esas subvencións que se daban de maneira nominal para poder entrar en liñas de concorrencia, e facendo unha redución que eu quero tamén, creo que é bo, que quede aquí publicamente. No último exercicio que xestionou integramente o Partido Popular no ano 2014 as nominativas foron un 23,70 do orzamento, dezasete, case dezaioito millóns de euros. No primeiro orzamento que aprobou este Goberno pasaron de dezaioito millóns a oito millóns, polo tanto pasaron dun 23,70 a un 6,48%, e en 2017 o resultado aínda sen rematar o ano, o resultado é espectacular, levamos case cinco millóns de euros, 4.700.000, un 2,7%, esa é a liña que imos defender, e onde imos, quedar co que son aquelas subvencións nominativas que entendemos que, pola entidade, polo obxecto da cuestión, son absolutamente singulares.

Por suposto que imos traballar en intentar ter ese Plan estratéxico de subvencións que sabemos que non é un Plan que solucione absolutamente todo, por suposto que sempre pode haber algunha cuestión que saia dese plan, mais entendemos que é unha ferramenta importante, que nos comprometemos a resolver.

Mais, insisto, en que eu pido que esta cuestión sexa tratada, tendo en conta tamén todo o esforzo feito por este Goberno para esta redución de nominativas importante, para a reformulación en liñas de concorrencia competitiva e para o intento, desde logo, de que todos os medios que estean ao noso alcance para que toda a distribución que se faga de fondos públicos sexa feita con criterios obxectivos e transparentes, esa é a liña de traballo e por iso, xa digo, que continuaremos con ese labor, que entendemos tamén que, como dixemos na Comisión, tomamos nota para continuar avanzando en intentar que, cantas menos subvencións nominativas teñan informes deste tipo, moitísimo mellor, mais sabemos que detrás destes informes dalgunhas destas entidades e destes obxectos, foron tamén subvencións que se

deron de maneira habitual e que tamén neste Pleno foron levantadas con anterioridade.

Sr. Presidente

Eu quería apuntar simplemente un par de cousas. Eu entendo a intervención de Agustín, enténdoa, porque ademais fóra do Pleno xa falamos abondo deste tema, non hai unha mala intención, nin moito menos, por parte do Grupo Popular, simplemente mostrar unha preocupación que temos todos, porque estamos nunha Corporación provincial, onde hai xente incluso que leva anos aquí, que xa estivo noutras Corporacións, e hai unha dinámica da Deputación que é unha porta enorme a que veñan centos e centos de peticionarios de axudas, e onde cada día estamos intentando reorientalos cara as convocatorias en concorrencia competitiva, porque somos conscientes deses informes e sufrimos os mesmos medos que sofre calquera deputado que está aquí sentado.

O que si é certo é que temos que facer mellor as cousas todos, dicía Agustín as entidades peticionarias da subvención, á hora de xustificar a excepcionalidade da axuda que piden, cónstame ademais, hai deputados que reciben moitísima xente nese ámbito, como por exemplo servizos sociais, onde eu, estando presente nas reunións, a pedagogía que se fai coas entidades que piden non é fácil, porque levan recibindo, a Real Academia Galega leva recibindo esta subvención da mesma forma, aprobada por unanimidade neste Pleno, trinta anos. Entón, claro, encaixar esa petición con que “mira, vai saír unha convocatoria en tal data, apúntate, vas ter unha cantidade moi parecida, non te preocupes, non vas ver diminuídos os teus ingresos”, é dicir, é unha dinámica a que asistimos nesta Corporación desde hai décadas, e polo tanto, unha Corporación que reduce á metade a concesión de subvencións nominativas, non hai trinta anos, hai dous anos exactamente.

Un Plan estratéxico provincial ao que aludes, Agustín, que temos o borrador aí no despacho, pero claro, podemos facer un Plan estratéxico simplemente para cumprir o trámite e nada máis, ou facer de verdade un Plan estratéxico, e facer de verdade un Plan estratéxico nunha entidade como a Deputación que, digamos, da que dependen financeiramente moitísimas entidades sociais, culturais e deportivas e municipais da provincia, non é nada sinxelo, por iso, aínda que había a obriga de telo redactado e aprobado nesta Corporación desde o ano 2002, quince anos despois, con varios presidentes, centos de deputados, nunca se aprobou o Plan estratéxico, nunha forma de concesión de recursos públicos que, por certo, non é propio desta Deputación, é dicir, podemos ir a calquera outra administración, municipais, autonómicas, estatais, onde a fórmula de concesión nominativa, como ben dicía Agustín, está prevista na lei.

Creo que calquera subvención que aquí se trae, e que é apoiada normalmente polo cen por cento da Corporación, é porque está xustificada e se percibe un interese público claro das entidades peticionarias, agora ben, iso non é óbice para que melloremos ese borrador de Plan estratéxico, e tampouco é óbice para que se tramiten os expedientes con moitísima máis rigorosidade documental, non rigorosidade na esencia da concesión de subvención. Creo que a Real Academia Galega é unha entidade respectada que fai un labor pola cultura enorme, e que calquera dos que estamos aquí custaríanos moito votar en contra dunha axuda á Real

Academia Galega, agora iso non é óbice, como digo, para mellorar a tramitación, e ese é absolutamente o noso compromiso.

Sr. García Seoane

Eu ía intervir no asunto número 26 e 25, e como está relacionado o que ía dicir co que está a ocorrer neste momento. Eu debo de ser unha das voces máis discrepantes nas Comisións informativas respecto a estes temas que se está a falar agora aquí. Entendo que a Deputación, un concello, etc., ten que ter o dereito e a posibilidade de apoiar determinadas iniciativas que redunden no beneficio da sociedade sendo escrupulosos á hora de tomar as decisións. Como digo, son moitas as veces que discrepei, principalmente cando se dan a entidades, non deste tipo, eu creo que as entidades semipúblicas, ou ligadas ao interese público, como as que estamos a falar agora aquí, teñen que ter un trato diferenciado, e que debe de haber unha planificación aquí, senón é un estudo tremendo, un estudo máis curto, e facer convocatorias distintas, convocatorias para entidades cidadáns, clubs de fútbol, etc., sociedades culturais, que teñen uns límites, póñense uns límites da achega, e outras que sabemos que teñen un maior custo na súa actividade para estas entidades que realmente necesitan estes cartos para funcionar, porque non lles chove do ceo, e para iso está a administración pública tamén.

Polo tanto, eu ese chamamento quéroo facer porque eu estou agora estudando un caso dunha subvención que se deu aquí hai pouco tempo, xa o traerei ao Pleno, e é lamentable que se dean esas situacións, é lamentable, non sería o tema da Real Academia Galega, nin destes acordos que imos tomar aquí, pero hai entidades que adulteran, inflan, inchan os orzamentos, e eu sei que despois aquí a fiscalidade lévase ao pé da letra, cónstame a severidade da Intervención deste organismo e, polo tanto, temos que ser moi consecuentes á hora de tomar decisións porque eu, xa digo, discrepo pero non se me escoita, eu quero que se me escoite niso que digo porque eu vin aquí a facer un traballo de velar polo público, pero non por dilapidar diñeiro público, como fan algúns dos que levan cartos de aquí.

Polo tanto, eu votar indubidablemente todos estes asuntos, este é un tema que ía abordar no da Festa dos Xenerais, para min este caso é moi singular porque hai agora un montón de anos, no ano 67 empecei a tocar e toquei nesa aldea, a primeira festa que fun tocar foi na Festa dos Xenerais, que é moi importante para esa comarca, polo tanto, divulga, pero hai que axudar, é un concello que non ten recursos, etc., etc, pero creo que hai que facer programas distintos, encaixalos, e o que colla no programa ben, e o que non colla, queda fóra. Iso é máis ou menos o que dicía Goretti, que se está traballando nese campo, pero que o fagamos dunha vez porque non sería bo estar así.

Eu fun un dos únicos que foi a un preito contra a Deputación anterior por unhas nominativas, lamentablemente o Tribunal fallou contra min, lamentablemente o Tribunal deulle a razón a Diego Calvo nunhas nominativas cando naquel momento ían xa dándose dez millóns de euros en nominativas, dez millóns, en cambio o Tribunal fallou contra min. Polo tanto, tamén isto debe darnos unha tranquilidade aos que votamos na defensa de, pero non calquera tema, eu veríame obrigado no futuro, en determinados casos, a matizar a miña votación en cada caso. Nada máis.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio coa Real Academia Galega, correspondente á subvención nominativa, por importe de 50.000 €, concedida para financiar a *Programación do ano 2017*, cun orzamento subvencionado de 62.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de novembro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2018 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2017*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dona M^a Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área

D. Víctor Fernández Freixanes, Presidente da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

- a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.
- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- c) Velar polos dereitos do idioma galego.
- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

3- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega (Q1568003F) para financiar a *Programación do ano 2017*, que se indica a continuación:

Actividade 1: XXX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

Actividade 2: Edición dixital de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, número 11.

Actividade 3: Estudo sociolingüístico: as competencias e usos lingüísticos na infancia en Galicia nos principais contextos de socialización.

Actividade 4: Primavera das Letras

Actividade 5: Publicacións.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

| | |
|--|------------------|
| Bolsas de estudos | 17.100,00 |
| Conferencias | 1.450,00 |
| Docencia e Prácticas | 3.000,00 |
| Docencia nivel medio | 1.800,00 |
| Docencia nivel elemental | 1.989,00 |
| Prácticas nivel elemental e medio | 2.600,00 |
| Actividades | 850,00 |
| Locomoción | 501,13 |
| Excursión, (transporte e guía) | 1.140,59 |
| Secretaría, dirección e administración | 2.000,00 |
| Papelería | 539,32 |
| Total actividade 1 | 32.970,04 |

Actividade 2: Edición dixital de La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 11.

| | |
|---------------------------|---------------|
| Maquetación textos | 700,00 |
| Total actividade 2 | 700,00 |

Actividade 3: Estudo sociolingüístico: as competencias e usos lingüísticos na infancia en Galicia nos principais contextos de socialización.

| | |
|---|-----------------|
| Colaboración de investigadores | 4.000,00 |
| Colaboración de asesores | 1.000,00 |
| Axudas de locomoción e material técnico | 550,00 |
| Programa informática | 150,00 |
| Total actividade 3 | 5.700,00 |

Actividade 4: Primavera das Letras.

| | |
|--|------------------|
| Elaboración de material | 9.438,00 |
| Didácticas interactivas | 2.934,25 |
| Convocatoria e coordinación concurso escolar | 2.933,45 |
| Total actividade 4 | 15.305,70 |

Actividade 5: Publicacións.

| | |
|-------------------------|----------|
| Maquetación e impresión | 6.264,96 |
|-------------------------|----------|

| | |
|---------------------------|--------------------|
| Revisión Lingüística | 242,00 |
| Total actividade 5 | 6.506,96 |
| Gastos Indirectos | 1.317,30 |
| Total gastos | 62.500,00 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha

das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscria polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación rovincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN PARA O FOMENTO DA EDUCACIÓN, A INVESTIGACIÓN, A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E AS ACTIVIDADES CULTURAIS, ARTÍSTICAS E CIENTÍFICAS NO ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de **130.000 €**, concedida para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2017* cun orzamento subvencionado de 194.970,59 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de novembro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar a *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2017.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Juan Manuel Viaño Rei, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG do 4 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Actuando os intervinentes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre

os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados da ***Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2017.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante:

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entre outras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, polo menos,

1.1.- Proxecto ESTALMAT- Galicia que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

1.2.- Programa de captación e fidelización de talentos na USC. Este programa ten como liñas de actuación: o apoio ás distintas olimpíadas e concursos académicos de bioloxía, edafoloxía, física, matemáticas e química; o acto de recoñecemento aos mellores expediente de bacharelato, a celebración de charlas temáticas nas que se pretende espertar vocacións e aclarar dúbidas aos estudantes de secundaria.

Estas axudas xestionaranse a través do programa “A Ponte entre a USC e o Ensino Medio” e da delegación de Reitor para Ensino Medio.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro Xira da compañía da Aula de Teatro.

Estrea do espectáculo 2017 da Aula de Teatro
XXIII Festival Internacional de Teatro Universitario
XVIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia

2.2.- *Música* Encuentros orquestrais de verán e Nadal da orquestra do Espazo de Cámara

Ciclo Sonatas de Beethoven (2ª parte)
Programa “A hora áurea”

2.3.- *Danza* XV Encontro Universitario de Danza Contemporánea

2.4.- *Exposicións* Exposición “Un Ano de Voz” 2017

2.5.- *Posta en valor do patrimonio* Museo Virtual da USC

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia de cultura.

3.- Apoio á Programación deportiva.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as vinculadas coa promoción do deporte e a vida saudable na cidadanía, a promoción da educación en valores deportivos na educación universitaria e a renovación de equipos deportivo e mantemento de instalacións deportivas.

Trátase de aproveitar a competición deportiva universitaria para, a través dos valores educativos e formativos que transmite o deporte, adquirir e reforzar aspectos importantes en diferentes habilidades, destrezas e actitudes: liderado, traballo en equipo, comunicación, valor da planificación, do esforzo, capacidade de análise e autocrítica...)

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencia en materia deportiva.

4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos.

Como parte das actividades enfocadas ao intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, a USC realiza diversas actividades ao longo do ano que poderán recibir financiamento parcial a cargo do presente convenio.

Estas axudas xestionaraas a vicerreitoría con competencias en materia cultural.

A USC seleccionará, entre as propostas que reciba do seu persoal, as actividades que se poderán acoller a este convenio. Para cada unha de elas se establecerá tanto o financiamento que, a cargo deste convenio, lle corresponda así como a vicerreitoría ou unidade encargada da súa xestión.

Para as actividades identificadas como cursos, a USC establecerá unha convocatoria aberta de solicitudes de axuda ao financiamento.

5.- Programa Camiños de coñecemento.

Programa universitario do IV Ciclo dirixido ás persoas maiores das comarcas de Ribeira, Noia, Santiago, A Barcala, Ordes, Arzúa e Tabeirós

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Apoio aos programas de detección e captación de talento

1.1 Proxecto ESTALMAT

| | |
|---|------------------|
| - Viaxes e aloxamentos | 4.680,00 |
| - Material funxible | 6.500,00 |
| - Colaboracións externas, docencia de profesores, persoal de administración e técnicos de apoio, colaboración e dirección de tarefas de organización, empresa de vixilancia e servizo de fotografía | 41.148,00 |
| - Outros gastos (invitación actos de clausura, correo, seguros) | 7.750,00 |
| Subtotal | 60.078,00 |

1.2 Programa de captación e fidelización de talentos na USC

| | |
|---|------------------|
| - Charlas temáticas: desprazamento e dietas do profesorado | 10.000,00 |
| - Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: material de imprenta, impresión, difusión | 4.000,00 |
| - Empresas de organización do evento | 4.000,00 |
| - Olimpíadas: organización, desprazamentos e axudas | 2.000,00 |
| Subtotal | 20.000,00 |

2.- Apoio á Programación Cultural

2.1.- Teatro

| | |
|--|------------------|
| - Xira da compañía da Aula de Teatro: transporte | 2.455,00 |
| - Estrea do espectáculo 2017: escenografía, vestiario, atrezzo, difusión, asistencia técnica | 6.000,00 |
| - XXIII Festival Internacional de Teatro Universitario: aloxamento, manutención, material difusión | 2.500,00 |
| - XVIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia: aloxamento, manutención, material difusión | 1.700,00 |
| Subtotal | 12.655,00 |

2.2.- Música

| | |
|---|------------------|
| - Encontro orquestral de verán da orquestra do Espazo de Cámara produción, material difusión, pago solistas e director | 2.000,00 |
| - Encontro orquestral de Nadal da orquestra do Espazo de Cámara produción, material difusión, pago solistas e director | 2.000,00 |
| - Ciclo Sonatas de Beethoven (2ª parte): pago artistas, difusión, afinación piano | 5.000,00 |
| - Programa "A hora áurea": pago a solistas, instrumentistas, material difusión | 2.000,00 |
| Subtotal | 11.000,00 |

2.3.- Danza

| | | |
|--|-----------|---------------------|
| - XV Encontro Universitario de Danza Contemporánea aloxamento e manutención das compañías convidadas | 480,00 | |
| <i>Subtotal</i> | 480,00 | |
| 2.4.- Exposicións | | |
| - Exposición “Un Ano de Voz” 2017 | 1.900,00 | |
| <i>Subtotal</i> | | 1.900,00 |
| 2.5.- Posta en valor do patrimonio | | |
| Arquitectura e diagrama de fluxos, desenvolvemento e implementación do deseño visual e navegabilidade do Museo Virtual | 13.000,00 | |
| <i>Subtotal</i> | | 13.000,00 |
| 3.- Apoio á Programación deportiva | | |
| - Arbitraxe (ligas internas, campionatos...) | 21.560,00 | |
| - Servizos médicos / ambulancia | 330,00 | |
| - Trofeos/medallas | 475,00 | |
| - Desprazamentos | 9.760,00 | |
| - Aloxamentos | 5.865,00 | |
| - Roupas deportiva, material funxible | 500,00 | |
| <i>Subtotal</i> | | 38.490,00 |
| 4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos | | |
| - Aluguer, material de difusión, compra de material funxible contratación externa de servizos, gastos persoal. | 23.000,00 | |
| <i>Subtotal</i> | | 23.000,00 |
| 5.- Programa Camiños de coñecemento | | |
| - Comarca de Ribeira: docentes, autobuses, entradas | 1.733,38 | |
| - Comarca de Noia: docentes, autobuses, entradas | 1.666,50 | |
| - Comarca de Santiago: docentes, autobuses, entradas | 1.534,20 | |
| - Comarca da Barcala: docentes, autobuses, entradas | 1.655,10 | |
| - Comarca de Ordes: docentes, autobuses, entradas | 1.649,40 | |
| - Comarca de Arzúa: docentes, autobuses, entradas | 1.676,00 | |
| - Comarca de Tabeirós: docentes, autobuses, entradas | 1.653,01 | |
| - Material e documentación | 1.225,00 | |
| - Publicidade e imprenta | 1.575,00 | |
| <i>Subtotal</i> | | 14.367,59 |
| Total | | 194.970,59 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **130.000**, o que representa unha porcentaxe do **66,677 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,677 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2017*, referida neste convenio corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á USC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación achegada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA FINANCIAR OS PREMIOS MARÍA CASARES 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os *Premios María Casares 2017*, por importe de **15.000 €**, cun orzamento subvencionado de 60.381,90 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de outubro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premios María Casares 2017.

Na Coruña

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Ernesto Caho Pino, Presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia é unha entidade privada sen ánimo de lucro, de carácter profesional, autoxestora e autónoma, na que se integran na actualidade 303 persoas asociadas.

Segundo.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia ten entre os seus fins agrupar actores e actrices para a defensa dos seus intereses profesionais e desenvolver accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao

conxunto da sociedade galega, elaborar propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia e, en xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos Premios de Teatro María Casares que foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) como estímulo e recoñecemento ao labor e o traballo do sector teatral.

Desde a súa primeira edición en 1997, os Premios María Casares teñen demostrado sobradamente a súa funcionalidade como espazo privilexiado de encontro anual dos e das profesionais do teatro en Galicia, como foro social de recoñecemento da labor emprendida polos nosos artistas e como ámbito de proxección pública das súas obras.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinta.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento dos ditos premios, polo que na Base 50ª.-5 das de Execución do Orzamento para 2017, foi incluída unha achega de 15.000 €, en concepto de subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia destinada a financiar os *Premios María Casares 2017*.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (NIF: G15089410) para financiar os ***Premios María Casares 2017***.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal artístico

| | |
|------------------------------|----------|
| Dirección-Guíón-presentación | 3.630,00 |
| Dirección de arte | 3.025,00 |
| Actores | 3.984,00 |
| Músicos | 1.815,00 |

| | |
|---|--------------------|
| <i>Gastos de persoal técnico</i> | |
| Producción executiva-D Producción | 5.445,00 |
| Axudante produción | 1.200,00 |
| Responsable xestión/ administración/votacións | 6.000,00 |
| Comunicación e contidos | 3.986,50 |
| Rexeduría | 600,00 |
| Maquillaxe-perruqueria | 300,00 |
| <i>Gastos de produción</i> | |
| Escenografía | 7.066,40 |
| Iluminación e son | 6.655,00 |
| Vestuario | 700,00 |
| Atrezzo | 300,00 |
| Cobertura gráfica | 900,00 |
| Hoteis | 1.100,00 |
| <i>Promoción, publicidade e relacións públicas</i> | |
| Xerras Sargadelos | 3.590,00 |
| Servizo de protocolo | 4.235,00 |
| Deseño e edición de soportes gráficos e audiovisuais | 3.000,00 |
| Impresión materiais | 800,00 |
| Dereitos de autor | 1.000,00 |
| Gastos Asesoría+Notario | 250,00 |
| Gastos xerais de mantemento e xestión | 800,00 |
| Total | 60.381,90 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **24,842 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 24,842 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Actores e Actrices de Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Actores e Actrices de Galicia da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido

respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Actores e Actrices de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2017*, por importe de 30.000 €, cun orzamento subvencionado de 45.009,92 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de novembro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2017*

Na Coruña,

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área

Don Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, do normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 446 escritoras e escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para as persoas asociadas e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para dar oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos on-line dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe “*O escritor na súa terra*”, dedicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe “*Os bós e xenerosos*” no que se destaca non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literaria do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar a **Programación do ano 2017**.

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

- * Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Serafín Mourelle (comarca da Coruña) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG.
- * Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de roteiros literarios pola provincia para a sección “Territorio do/a Escritor/a”.
- * Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través das redes sociais.
- * Servizo de información (Axenda Cultural).
- * Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as. Inclúe a creación da sección “Arquivo fotográfico do sistema literario de Galicia”.
- * Asesoría laboral e fiscal.
- * Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña.
- * II Xornadas de Literatura Dramática. “O Papel da Literatura Dramática no proxecto dun teatro nacional”.
- * Sesión de fotografías e gravación de entrevistas a socios-as na Provincia da Coruña e subida á web dos contidos gravados.
- * Polafía na provincia da Coruña.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Gravación dunha entrevista de longa duración ao informante de literatura de tradición oral Serafín Mourelle (comarca da Coruña) para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG.

| | |
|--|-------------------|
| Soldos, salarios | 584,32 € |
| Seguridade Social | 232,42 € |
| Coordinación xeral | 400,00 € |
| Desprazamento coordinador | 120,00 € |
| Gravación en vídeo | 460,00 € |
| Catalogación e transcripción de contidos videográficos | 2.400,00 € |
| SUBTOTAL | 4.196,74 € |

Elaboración por parte dun socio/a da AELG e Xeorreferenciación dun roteiro literario pola provincia, con título “Ruta marítima Costa do Solpor” para a sección “O Territorio do/a Escritor/a”.

| | |
|---|-------------------|
| Soldos, salarios (coordinación, tradución e maquetación) | 416,78 € |
| Seguridade Social | 168,68 € |
| Elaboración texto roteiro na provincia da Coruña | 400,00 € |
| Tradución a inglés | 400,00 € |
| Traballos realizados por outras empresas (Xeorreferenciación roteiro) | 1.400,00 € |
| SUBTOTAL | 2.785,46 € |

Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través das redes sociais.

| | |
|--|-------------------|
| Dinamización dos contidos da web da AELG | 2.178,00 € |
| SUBTOTAL | 2.178,00 € |

Servizo de información (Axenda Cultural da AELG e redes sociais –Facebook e Twitter).

| | |
|---|-------------------|
| Axenda Cultural da AELG e redes sociais | 7.260,00 € |
| SUBTOTAL | 7.260,00 € |

Mantemento de Infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo do software da web da AELG e da aplicación de Socios-as

| | |
|---|-------------------|
| HelpDesk Avanzado. Soporte anual de usuario 2017 . | 1.200,00 € |
| Backup. Almacenamento e verificación mensual de compresión/restauración 2017. | 2.040,00 € |
| Monitorización 2017 | 600,00 € |
| Hosting 2017 | 2.400,00 € |
| Traballos realizados por outras empresas | 560,00 € |
| SUBTOTAL | 6.800,00 € |
| Asesoría laboral, contábel e fiscal SUBTOTAL | 2.837,00 € |

Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Un obradoiro de creación literaria (poesía) na provincia da Coruña, no Concello de Fene

| | |
|--|-------------------|
| Soldos, salarios | 584,32 € |
| Seguridade Social | 232,42 € |
| Escritor/a convidado/a | 150,00 € |
| Impartición obradoiro creación literaria | 1.000,00 € |
| SUBTOTAL | 1.966,74 € |

II Xornadas de Literatura Dramática. “O Papel da Literatura Dramática no proxecto dun teatro nacional”

| | |
|--|-------------------|
| Lectura dramatizada do Premio Rafael Dieste. 5 convocat. de ensaio | 1.500,00 € |
| Lectura dramatizada do Premio Rafael Dieste. | |
| Lectura dramatizada | 720,00 € |
| Material funxíbel | 200,00 € |
| Aloxamento autor-a clase maxistral | 220,00 € |
| Desprazamentos autor-a clase maxistral | 355,00 € |
| Deseño cartelaría | 235,95 € |
| Autor-a clase maxistral | 329,00 € |
| Comidas autor-a clase maxistral | 55,00 € |
| Comidas coordinador xornadas | 55,00 € |
| Presentación moderación clase maxistral | 181,00 € |
| Desprazamentos presentador moderador clase maxistral | 60,80 € |
| Telefonía | 188,80 € |
| Soldos, salarios | 2.659,25 € |
| Seguridade Social | 1.061,62 € |
| SUBTOTAL | 7.821,42 € |

Unha sesión de fotografías e gravación de entrevistas a Socios-as na Provincia da Coruña e subida á web dos contidos gravados

| | |
|-----------------------------------|-------------------|
| Soldos, salarios | 416,78 € |
| Seguridade Social | 168,68 € |
| Gravación de vídeo e fotografías | 900,00 € |
| Subida á web vídeos e fotografías | 400,00 € |
| SUBTOTAL | 1.885,46 € |

Unha polafía na provincia da Coruña.

| | |
|--|--------------------|
| Soldos, salarios | 1.724,36 € |
| Seguridade Social | 689,74 € |
| Telefonía | 122,00 € |
| Catering participantes | 250,00 € |
| Catalogación, edición, transcrición e subida á web dos contidos audiovisuais | 2.400,00 € |
| Divulgador/a | 150,00 € |
| Coordinación | 500,00 € |
| Música | 200,00 € |
| Guión para edición vídeo | 300,00 € |
| Recitador | 151,00 € |
| Deseño cartel | 140,00 € |
| Transporte coordinación | 120,00 € |
| Gravación de vídeo | 532,00 € |
| SUBTOTAL | 7.279,10 € |
| TOTAL | 45.009,92 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 66,652 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,652 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AELG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á AELG.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á AELG para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a AELG deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AELG.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á AELG unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AELG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na o que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a AELG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á AELG para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AELG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AELG na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AELG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A AELG deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A AELG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AELG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AELG poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AELG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a

sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AELG serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á AELG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da AELG, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE “A LIÑA DO GALEGO 2017”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de outubro de 2017.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio coa **Mesa pola Normalización Lingüística, CIF G15154610** para financiar “ A Liña do galego 2017” cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 25.000,00 € que representa unha porcentaxe do 80,00000 % do total do gasto previsto que é de 31.250,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística (Mesa) para financiar o proxecto “A liña do galego” 2017

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dª Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta de Deputación Provincial da Coruña.

D. Marcos Maceira Eiras, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” trata cuestións vinculadas coa normalización lingüística, pensadas para recadar queixas e dar solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

Dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación relacionada co uso do idioma. Servizo gratuíto.

Atende consultas sobre dúbidas relacionadas cos dereitos lingüísticos da comunidade galego falante.

Transmite parabéns a establecementos, entidades e empresas que atenden en galego e apostan polo galego en toda a súa actividade.

A App a liña do galego é unha ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego, creada para teléfonos móbiles que permite o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda para os seus usuarios.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a MESA pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a MESA pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar o A Liña do galego 2017 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App a liña do galego, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Ingresos previstos

| | | |
|---------------------------------------|---|------------|
| A Mesa pola Normalización Lingüística | Achega con fondos propios procedentes das cotas de socias e socios. | 6.250,00€ |
| Deputación da Coruña | | 25.000,00€ |
| TOTAL | | 31.250,00€ |

Gastos previstos

| | | |
|----------------------|---|------------|
| App A Liña do Galego | Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple | 900€ |
| Persoal | Nóminas correspondentes a un ano de dúas persoas para atención, xestións, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego | 23.622,12€ |
| Publicidade | Publicidade en diferentes medios de comunicación | 2.429,96€ |
| Copias e impresións | Copias dos formularios empregados na xestión e impresións do informe anual en fotocopiadora de renting | 4.297,92€ |
| TOTAL | | 31.250,00€ |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **25.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) que acreditará a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481**.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a MESA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten que a MESA cumpre esta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. **No caso de xustificación de nóminas deberá acreditarse tamén que a traballadora dedicou o 100 por cento da súa xornada á actividade subvencionada.** Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira **deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a MESA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de febreiro de 2018.**
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.** A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a MESA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola MESA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a MESA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A MESA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a MESA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MESA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na

Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **1 de febreiro de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O AUDITORIO DE GALICIA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN ANUAL 2017

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de novembro de 2017.

2.- Aprobar o convenio co Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de **235.000 €**, para financiar o *Programación anual 2017*, cun orzamento subvencionado de 293.700 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar a *Programación anual 2017*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Martiño Noriega Sánchez, presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización da *Programación anual 2017*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia (Q1500340C) para financiar a **Programación anual 2017**, co seguinte contido:

* Música clásica: Temporada de aboamento con concertos da Real Filharmonía de Galicia e da Orquestra Sinfónica de Galicia.

* Ciclo de piano “Ángel Brage”: recitais de Olga Scheps, Gabriela Montero e Marianna Prjevalskaya.

* Ciclo de Lied: no mes de setembro, en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago; ciclo dedicado á canción internacional.

* Xornadas de música contemporánea: nos meses de outubro e novembro, en colaboración coa Asociación Galega de Compositores; incluíndo propostas de concertos familiares e charlas pre-concerto.

* Outras músicas: nos meses de setembro e outubro; gala de entrega de premios aRi(t)mar Galiza e Portugal, e Festival WOS no que música, artes visuais, cine, artes escénicas, coloquios, conferencias e gastronomía conflúen en diversos espazos emblemáticos da cidade.

* De lugares e órganos: no mes de abril; esta programación propónse conectar a música de órgano con ámbitos aos que habitualmente resulta allea, como a electrónica, a poesía, a danza ou a música contemporánea; inclúe concertos, itinerarios polos órganos de Compostela, obradoiros para crianzas e encontros e conversas.

* Artes escénicas e de movemento: no Teatro Principal; programación conformada por compañías de teatro galegas e do resto do estado.

* Compostela Ilustrada: no mes de novembro, en colaboración coa Fundación Torrente Ballester; “2º Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe” dirixido por

Miguel Anxo Prado, clases maxistras teóricas e prácticas e actividades para o público máis novo entre outras.

* Artes visuais (Zona C): nos meses de xaneiro a decembro; exposición dos proxectos seleccionados na 1ª convocatoria de apoio á creación en artes visuais da Zona "C", e nova convocatoria.

* Didácticos audiovisuais: nos meses de marzo a maio; ten o obxectivo de achegar o feito audiovisual ao público escolar de Compostela e comarca, desde o punto de vista didáctico, fóra da oferta mainstream, prestando atención á produción feita en Galicia, aos contidos infantís doutras épocas, á produción internacional e á mestura dos contidos audiovisuais con outras artes.

* Centenario de José Castro Chané: realización dunha grande produción centrada na dimensión popular das músicas de Chané.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

MÚSICA

Programa de aboamento

| | |
|---|-----------------|
| Deseño e maquetación do programa | 3.500.- |
| Impresión programas | 5.000.- |
| Programas de man | 8.000.- |
| Subministración de augas para concertos | 500.- |
| Impresión mupis | 200.- |
| Impresión entradas | 400.- |
| Material escenario | 400.- |
| Dereitos de autor | 200.- |
| Envíos de correos | 1.000.- |
| Reparto cartelería | 200.- |
| <i>Subtotal</i> | <i>19.400.-</i> |

Ciclo piano A. Brage

| | |
|--------------------------|-----------------|
| Honorarios pianistas | 16.000.- |
| Afinacións | 500.- |
| Dereitos de autor | 200.- |
| Cartel e programa de man | 1.500.- |
| <i>Subtotal</i> | <i>18.200.-</i> |

Ciclo de lied

| | |
|-----------------------------|-----------------|
| Honorarios artistas | 25.000.- |
| Deseño de materias | 1.500.- |
| Impresión cartel e programa | 1.500.- |
| Dereitos de autor | 300.- |
| Afinacións | 700.- |
| <i>Subtotal</i> | <i>29.000.-</i> |

| | | |
|--------------------------------------|-----------------|-----------------|
| <i>Xornadas Música Contemporánea</i> | | |
| Honorarios artistas | | 23.000.- |
| Deseño de materias | | 1.500.- |
| Impresión cartel e programa | | 1.500.- |
| Dereitos de autor | | 1.000.- |
| Afinacións | | 300.- |
| Producción técnica | | 1.600.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>28.900.-</i> |
| <i>Outras músicas</i> | | |
| Gala Ari[t]mar Honorarios artistas | | 10.000.- |
| Festival WOS Honorarios artistas | | 5.000.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>15.000.-</i> |
| <i>De lugares e órganos</i> | | |
| Honorarios artistas | | 10.000.- |
| Obradoiros | | 2.400.- |
| Itinerarios | | 2.700.- |
| Órgano sae á rúa | | 1.800.- |
| Dirección artística | | 6.600.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>23.500.-</i> |
| ARTES ESCÉNICAS E DO MOVEMENTO | | |
| Honorarios Roser López | | 6.500.- |
| Honorarios La Intrusa | | 6.000.- |
| Honorarios Maduixa | | 5.600.- |
| Honorarios El Cartógrafo | | 13.000.- |
| Honorarios Aracalandanza | | 8.500.- |
| Honorarios La Tricotouses | | 3.600.- |
| Honorarios El Próximo Cruce | | 10.000.- |
| Honorarios Masc Produc | | 10.000.- |
| Honorarios Bravo Teatro | | 12.000.- |
| Honorarios Tresperté | | 5.000.- |
| Honorarios Teatro del Barrio | | 6.000.- |
| Honorarios Matarile Teatro | | 3.500.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>89.700.-</i> |
| COMPOSTELA ILUSTRADA | | |
| Honorarios debuxantes | | 7.800.- |
| Coordinación Xornadas | | 1.200.- |
| Deseño e impresión de folleto | | 1.000.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>10.000.-</i> |
| ARTES VISUAIS (ZONA C) | | |
| 5 intervencións | | 15.000.- |
| Materiais comunicación | | 5.000.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>20.000.-</i> |

| | | |
|--|-----------------|------------------|
| DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS | | |
| Cine concerto | | 600.- |
| Coordinación e contidos.Mediación | | 3.000.- |
| Deseño gráfico | | 300.- |
| Filmes | | 1.100.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>5.000.-</i> |
| CENTENARIO CHANÉ | | |
| Creación literario escénico do espectáculo “Chané na Habana” | | 4.000.- |
| Ensaio e gravación CD Alejandro Vargas Consort | | 6.000.- |
| Ensaio e gravación CD Camerata Gelría | | 6.000.- |
| Ensaio e gravación CD Rosa Cedrón | | 5.000.- |
| Dous concertos de presentación do CD | | 14.000.- |
| | <i>Subtotal</i> | <i>35.000.-</i> |
| | Total | 293.700 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **235.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO- PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG) PARA FINANCIAR A “ENCICLOPEDIA DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA DIXITAL, 2016-2017”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de novembro de 2017.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), CIF 15154297 para financiar “A Enciclopedia da Historia da Literatura Galega Dixital, 2016-2017” cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 22.040,00 € que representa unha porcentaxe do 80,00000 % do total do gasto previsto que é de 27.550,00 € , importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

4.- Modificar o prazo de vixencia do convenio establecido nas cláusulas VII e XIII, que finalizará o 30 de decembro de 2017.

“ CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG), CIF G15154297, PARA FINANCIAR A ENCICLOPEDIA DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA DIXITAL”, 2016-2017

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dª Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D. Xoán Costa Casas, presidente de Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) presenta un programa de colaboración coa Deputación que recolle a seguinte proposta para desenvolver no ano 2016-2017.

- Enciclopedia da historia da literatura galega dixital: revisión, actualización e desenvolvemento didáctico.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Socio-Pedagóxica Galega, CIF G15154297, para financiar a

- **Enciclopedia da historia da literatura galega dixital:** revisión, actualización e desenvolvemento didáctico.

No último trimestre de 2016 comezouse coa recompilación e catalogación dos novos contidos, elaboración e catalogación de materiais didácticos, no primeiro semestre de 2017 será cando se realice a maior parte deste traballo para o que se requirirá axuda externa.

O prazo de execución estimado para financiar este proxecto é finais de xuño de 2017.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

Asociación Socio-Pedagóxica Galega levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Historia da literatura galega dixital

| | |
|--|------------|
| Recompilación, elaboración e catalogación de contidos | 3.800€ |
| Catalogación, edición, adaptación e introdución de contidos multimedia | 4.700€ |
| Recompilación, elaboración e catalogación de materiais didácticos | 3.700€ |
| Edición dixital e subida de 10 obras da literatura galega | 3.300€ |
| Adaptación da ferramenta da Historia da lingua galega | 7.950€ |
| Planificación, coordinación e xestión | 4.100€ |
| Total gastos | 27.550,00€ |

Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 22.040,00 €

A AS-PG declara que segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **22.040,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481 do EMC 4/2016** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AS-PG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a AS-PG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a AS-PG, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a AS-PG deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AS-PG tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AS-PG .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a AS-PG unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AS-PG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de outubro de 2016 e o 30 de xuño de 2017**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AS-PG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de decembro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a AS-PG para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AS-PG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AS-PG na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AS-PG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A AS-PG deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A AS-PG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AS-PG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AS-PG poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AS-PG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na

Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56^a.6^o das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AS-PG serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AS-PG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de outubro de 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de decembro de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE BETANZOS PARA FINANCIAR A SUBMINISTRACIÓN DE *INSTALACIÓNS AUDIOVISUAIS NO CINE ALFONSETTI* E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Betanzos, por importe de **31.737,48 €**, concedida para financiar o *subministro de Instalacións audiovisuais no Cine Alfonsetti* cun orzamento subvencionado de 39.671,85 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de novembro de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos para financiar o subministro de *Instalacións audiovisuais no Cine Alfonsetti*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don José Ramón García Vázquez, alcalde presidente do Concello de Betanzos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Que o Concello de Betanzos alberga entre o seu extenso patrimonio arquitectónico e cultural a sala de cine máis antiga de España, e con moita probabilidade de Europa, o cine Alfonsetti.

Contiguo ao antigo convento de San Domingos, completa un centro cultural de envergadura: biblioteca, museo, arquivo municipal e sala de cine. O cine Alfonsetti, obra do insigne arquitecto coruñés, Rafael González Villar, foi construído entre o anos

1916 e 1923, fusiona o aire modernista vienés con elementos da arquitectura cosmopolita francesa.

3.- Que hai uns anos o Concello de Betanzos fíxose coa propiedade da sala, reformouna, coa axuda económica da Deputación provincial, mais conservando os elementos que a caracterizaron e que transportan ao espectador a rememorar a experiencia cinematográfica dos vellos tempos.

4.- Que, desde a recuperación da sala de cine, o Concello vén realizando actividades: proxeccións, celebración da Semana Internacional do Cine, películas infantís etc, mais a sala ten carencias que dificultan o seu desenvolvemento como a falta de equipos de vídeo e de audio permanentes. que faciliten esta actividade.

5.- Que, tendo en conta as circunstancias expostas, no Expediente de modificación de Crédito n.º 2/2017, aprobado polo Pleno da Corporación o 28 de abril de 2017, foi incluída unha achega en concepto de subvención nominativa ao Concello de Betanzos por un importe de 31.737,48 € destinado ao financiamento das ditas obras.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Betanzos ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos, con CIF P-1500900D, para financiar a subministración de **Instalacións audiovisuais no Cine Alfonsetti**, tal como aparecen definidas na memoria descritiva, prego de condicións técnicas e orzamento redactados por Gustavo Cartemil Fernández, enxeñeiro técnico industrial colexiado nº 2648 e Pedro Núñez Regueiro, enxeñeiro técnico industrial colexiado nº 2804.

2.- O Concello de Betanzos, na súa condición de promotora da adquisición, achega ao expediente un exemplar da memoria descritiva, prego de condicións técnicas e orzamento, así como certificación do Decreto da súa aprobación.

A dita documentación foi supervisada polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- O subministro está perfectamente definida, tal e como esixe no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Betanzos, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- Orzamento.

O orzamento total da adquisición, desagregase co seguinte detalle:

| | |
|---|--------------------|
| Proxector de vídeo | 13.192,00 € |
| Óptica zoom | 2.396,00 € |
| Pantalla eléctrica de proxección | 6.200,00 € |
| Reprodutor de audio – vídeo | 372,00 € |
| 10 Altosfalantes 8" e 200 w de potencia | 4.958,60 € |
| Altosfalante subgrave | 830,00 € |
| Altosfalante central | 370,50 € |
| Preamplificador | 860,00 € |
| 3 Etapas de potencia | 1.561,95 € |
| Rack de 19" 427, | 60 € |
| Man de obra de instalación | 1.618,00 € |
| | |
| Total execución material | 32.786,65 € |
| IVE 21 % | 6.885,20 € |
| | |
| Total execución por contrata | 39.671,85 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **31.737,48 €**, o que representa unha porcentaxe de 80 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o Concello de Betanzos que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2.- No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación dos bens.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Betanzos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Betanzos o outorgamento do contrato de subministracións descritas no proxecto ao que fai referencia as cláusulas primeira e segunda.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Betanzos axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición dos bens, farase constar o importe do financiamento provincial.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Betanzos pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago dos bens.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Betanzos, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Betanzos na

documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Betanzos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- Termo para o remate das obras e prazo de xustificación.

1.- A adquisición dos bens que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as adquisicións, o Concello de Betanzos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Betanzos para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Betanzos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Betanzos na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Betanzos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Betanzos deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Betanzos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Betanzos poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Betanzos queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Betanzos serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Betanzos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Previa solicitude do Concello de Betanzos, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por

acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ABRENTE PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO PROXECTO “CIRCUÍTO DE TRAVESÍAS E XOGOS POLA INCLUSIÓN”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de novembro de 2017.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Abrente correspondente á subvención nominativa, por importe de 50.000 €, concedida para financiar a realización do

proxecto "Circuíto de Travesías e Xogos pola Inclusión", cun orzamento subvencionado de 107.052,11€, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Abrente para financiar a realización do proxecto "Circuíto de Travesías e Xogos pola Inclusión"

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

Dona Carmen Touza Touriño, presidenta da **Fundación Abrente**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a **Fundación Abrente** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Abrente** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Abrente** (CIF:G70397849) para financiar a **realización do proxecto "Circuíto de Travesías e Xogos pola Inclusión"**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Fundación Abrente** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---------------------|
| Inmovilizado | 15.692,11 € |
| Gastos de persoal, profesionais | 15.600,00 € |
| Seguros | 4.000,00 € |
| Imaxe corporativa do evento | 1.600,00 € |
| Obstáculos: deseño, documentación técnica e construción | 11.220,00 € |
| Montaxe, desmontaxe e transporte | 10.600,00 € |
| Cronometraxe: alugueiro chips | 9.600,00 € |
| Comunicación | 4.520,00 € |
| Animación, son | 5.180,00 € |
| Outros gastos: recorrido náutico, material funxible, alugueiro material | 16.200,00 € |
| Merchandasing | 12.840,00 € |
| TOTAL | 107.052,11 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000€**, o que representa unha porcentaxe do **46,71%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **46,71%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3411/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Abrente**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Fundación Abrente**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Abrente**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a **Fundación Abrente** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Abrente**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Fundación Abrente**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Fundación Abrente** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas o 31 de decembro **de 2017**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Abrente** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de maio de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a **Fundación Abrente** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Abrente**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Abrente**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **Fundación Abrente**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. A **Fundación Abrente** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A **Fundación Abrente**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Fundación Abrente**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Abrente** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Abrente** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Fundación Abrente** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Abrente** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Fundación Abrente**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

17.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DO PEL 2016-2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar a modificación da programación plurianual do Plan de Emprego Local da Deputación para o período 2016-2019 (PEL 2016-2019) cuxo orzamento é o seguinte:

| NOVAS LIÑAS DE ACTUACIÓN | Orzamento 2017 | Orzamento 2018 | Orzamento 2019 |
|--|----------------|----------------|----------------|
| LIÑA 1. PEL CONCELLOS | | | |
| 1.2 PEL CONCELLO DIXITAL Axudas á contratación de monitores/técnicos auxiliares en eAdministración | 0,00 | 541.557,41 | 541.557,41 |
| LIÑA 2 PEL EMPRENDE | | | |
| 2.4 Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial | 75.000,00 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| 2.6 Axudas para a realización de actividades e/ou actuacións no desenvolvemento da actividade empresarial | 0,00 | 520.000,00 | 520.000,00 |
| LIÑA 3 PEL PEMES | | | |
| 3.2 Axudas para o mantemento das contratacións indefinidas con cargo ao “Programa de Incentivos á contratación para a creación ou ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas, realizadas ao abeiro da convocatoria 2017 | 0,00 | 1.000.000,00 | 1.000.000,00 |
| LIÑA 4 PEL FINANCIAMENTO EUROPEO | | | |
| 4.1. Proxecto PEL -EIXO (Emprego e Inserción Xove) | 497.982,00 | 230.937,00 | -- |

2º Facultar a Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución.”

18.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE TITULARIDADE DUN PREDIO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN (ARTEIXO), EN FAVOR DO CONCELLO DE ARTEIXO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“A) Aprobar inicialmente o expediente de desafectación da seguinte parcela:

Predio no Polígono Industrial de Sabón, no Concello de Arteixo, inscrito no inventario de bens da Deputación na epígrafe 1.1 – *Inmobles Urbanos*, número de orde 44, e descrita como *Parcela Nº 129-C* cunha superficie de 2.000 m² e ben de dominio público e uso público.

Título de propiedade: Adquisición mediante reversión por renuncia aceptada por acordo do pleno en sesión celebrada o 26/11/1983

Referencia catastral: Figura indentificada na Dirección Xeral do Catastro coa referencia: 1379307NH4917N0001PQ cunha superficie de 1.989m²

Que pasará a cualificarse como ben patrimonial para a súa posterior adscripción polo Concello de Arteixo aos usos que correspondan

B) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade en favor do Concello de Arteixo do predio indicado, condicionada a dita cesión á aprobación definitiva do expediente de desafectación.

C) Someter a exposición pública o expediente de aprobación inicial de desafectación e o expediente de cesión de titularidade, condicionado este último á aprobación definitiva do expediente de desafectación, mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial da Provincia (BOP) para que durante o prazo dun mes, contado dende a súa publicación, se poidan presentar as reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas

D) A cesión de titularidade da parcela farase efectiva unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación da Coruña o expediente de alteración da cualificación xurídica deste ben.

E) Condicións da cesión. Establécense as mesmas condicións de cesión xa recollidas no convenio suscrito polas dúas administracións o 4/12/2014:

1.- Que a parcela se dedique a dotación pública destinada a equipamentos, debendo manterse o seu destino durante 30 anos. Se no período citado o concello decidise, por razóns de interese público, a desafectación da parcela e o seu posterior alleamento conforme ao procedemento legalmente establecido, o importe íntegro da venda destinarase ás obras ou servizos que determinen de común acordo a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo, no Polígono Industrial de Sabón.

2.- O Concello de Arteixo facilitaralle á Deputación o uso gratuíto da parcela cedida, se a súa utilización fose compatible co uso pretendido, polo tempo necesario, nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións, durante o prazo establecido no apartado 1.

3.- O Concello de Arteixo realizará os trámites e se é o caso, aboará os gastos derivados da correspondente inscrición ou inmatriculación da citada parcela no rexistro da propiedade así como no catastro, e aboará calquera tributo ou cantidade que puidese esixirse derivado da devandita cesión.

4.- No non previsto expresamente nas condicións de cesión, aplicarase o Regulamento de bens das entidades locais.

F) Facultar ao presidente para a sinatura da acta de entrega do ben, unha vez cumpridos os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores, así como para executar todos os actos necesarios para o cumprimento do presente acordo.”

19.-MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN PLENARIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o informe do Servizo de Patrimonio e Contratación do 15 de novembro de 2017 no que se pon de manifesto **un erro de transcripción do texto do convenio** de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela xunto cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos/as das actividades formativas, que imparte ou nas que colabora, a Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, nos concellos da provincia da Coruña e adquisición do material necesario para a súa execución. ano 2017, que foi ditaminado na Comisión Informativa de Patrimonio, Contratación e Equipamento, celebrada con carácter extraordinario, o día 24 de outubro de 2017, acórdase:

MODIFICAR o acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 27 de outubro de 2017 no que se aprobou o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela xunto cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos/as das actividades formativas, que imparte ou nas que colabora, a Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, nos concellos da provincia da Coruña e adquisición do material necesario para a súa execución. ano 2017 polo que queda redactado e aprobado do seguinte senso:

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. ANO 2017

Na Coruña, ____ de _____ de 2017

REÚNENSE

Dunha parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, deputado da Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

Doutra parte,

– Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia);

– Ilmo. Sr. D. Francisco José Rabuñal Mosquera, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño) e en representación do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela

Ambos os dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre estas institucións o 29 de novembro de 1994.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar a práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar lóxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo, o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este acordo, a Deputación de A Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo o alumnado das actividades formativas desta, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, as partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2017, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

II. ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2017, o que representa un coeficiente ao financiamento do 100%. De acordo co seguinte detalle desagregado:

A. GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DO ALUMNADO:
36.0000 €, para o ano 2017, distribúense da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2017 | NÚMERO ALUMNOS/AS | IMPORTE ALUMNO- A/MES | IMPORTE máx. TOTAL |
|----------------------|----------------------|-----------------------------|-----------------------|
| SETEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| OUTUBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| NOVEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| DECEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |

indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno/a cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

B. GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURA E XESTIÓN: 4.000 € para o ano 2017, distribúense da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2017 | DURACION | IMPORTE /MES | IMPORTE TOTAL |
|----------------------|----------|--------------|------------------|
| Ano 2017 | 4 MESES | 1.000 | 4.000 |

C. GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 € para o ano 2017, distribúense da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2017 | MATERIAL | IMPORTE TOTAL |
|----------------------|--|---------------|
| Ano 2017 | Por determinar bibliografía, fotocopias de documentos e procedementos, material de papelería, informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalación..... | 5.000 |

D. CUSTES DE FORMACIÓN: 3.000 € para o ano 2017.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2017,

o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

V. DESIGNACIÓN DE ALUMNADO, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, o alumnado máis idóneo para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre as partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI. COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do

alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII. DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas que han os alumnos e as alumnas nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán estas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN,..... DO ALUMNADO:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscripción do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo ao alumnado das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes,etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postos de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000 €** en concepto de gastos de desprazamentos, manutención..... do alumnado. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €.. De superarse a dita cantidade en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboará anualmente o dito importe á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder á súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais que ha realizar o alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2017 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses (setembro a decembro de 2017), a razón dun mínimo de tres e un máximo de cinco días á semana, e de seis horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio á administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboará a Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, tras a xustificación da actividade realizada. A xustificación destes gastos faranse mediante a certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2017) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións, etc. No suposto de que os gastos xustificadas foran superiores, a Deputación achegará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2017.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do director da Escola de Práctica Xurídica.

D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante a certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será por conta da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas contingencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores desta para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte parágrafo e na cláusula DÉCIMO OITAVA.

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2017 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2018.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá **presentar a xustificación** documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do **28 de febreiro de 2018**.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2017 e outro antes do 28 de febreiro de 2018; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo imprrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, director desta e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade

Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consorte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá carrexar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade carrexará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de xuño, de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, debendo estar xustificadas antes do día 28 de febreiro de 2018 e conservando a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2018. Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das administracións intervincentes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas. Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución. Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

En proba de conformidade, as partes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

**O PRESIDENTE,
P.D.
O DEPUTADO DE
CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO
E EQUIPAMENTO
DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL**

**O REITOR
MAGNIFICO DA
UNIVERSIDADE DE
COMPOSTELA**

**O DECANO DO
ILUSTRE COLEXIO
DE AVOGADOS DE
SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

**Xesús Manuel Soto
Vivero**

**Juan Manuel Viaño
Rey**

**Francisco José
Rabuñal
Mosquera,"**

20.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2017. VIII FASE: DP 4001 MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 4001 BAI O A LAXE, PQ 0+000 AO PQ 5+690 (ZAS E LAXE); DP 1802 PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E TABOLEIRO NA PONTE SOBRE O RÍO REBARDILLA NA DP 1802 PQ 10+650 (AS PONTES).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o Plan de investimentos en vías provinciais 2017 oitava fase cun presuposto total 594.397,34 €, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900 |
|--------------|---|------------|---|
| 1711100022.0 | MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 4001 BAI0 A LAXE PQ 0+000 AO PQ 5+690 | ZAS E LAXE | 372.406,92 € |
| 1711100023.0 | PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E TABOLEIRO NA PONTE SOBRE RIO REBARDILLA NA DP 1802 PQ 10+650 | AS PONTES | 221.990,42 € |
| | | TOTAL | 594.397,34 € |

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

21.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS 2017. V FASE: DP 2901 MELLORA DE FIRME CON MBQ NA DP 2901 CORISTANCO A CEREO PQ 0+000 AO 2+750 (CORISTANCO); DP 3301 MELLORA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 3301 RIANXO A BEXO POR ISORNA PQ 5+000 AO PQ 10+200 (RIANXO).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2017 quinta fase cun presuposto total de 752.108,88 € con cargo á aplicación 0410 4531 61900 que se detalla:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) |
|--------------|--|------------|--|
| 1711000038.0 | DP 2901 MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 2901 CORISTANCO A CEREO PQ 0+000 AO 2+750 | CORISTANCO | 323.110,46 € |
| 1711000039.0 | DP 3301 MELLORA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 3301 RIANXO A BEXO POR ISORNA PQ 5+000 AO PQ 10+200 | RIANXO | 428.998,42 € |

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA), PARA COFINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2017”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. EXCEPTUAR para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. APROBAR a formalización dun convenio de colaboración co "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)", CIF V-15653298, para regular a achega de **50.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2017 para cofinanciar o **“Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2017”**, cun orzamento subvencionado de 75.391,58 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 66,3204 %.

3 IMPUTAR o gasto ao documento RC núm. de operación 220170002993, do 21/02/2017, da partida 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

4. CONDICIONAR o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende até o 31 de agosto de 2018.

5. APROBAR o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR O PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2017

Na Coruña ... de de 2017

REUNIDOS

D. José Manuel Pequeño Castro, deputado da Deputación da Coruña, presidente da Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente, en virtude das resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015, polas que se delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

D. Carlos Vales Vázquez, director xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2017”** que, a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2017”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de actividades de Educación Ambiental
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos
 - A Illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural
2. Actividades formativas sobre xestión ambiental municipal
3. Programa de divulgación ambiental. Exposicións itinerantes:
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - O Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca
 - Reservas da Biosfera
 - Berros no roncar das ondas
4. Programa de asesoramento e documentación:
 - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | | IMPORTE |
|--|---------------------|--------------------|
| PERSOAL | Director Programa | 15.703,31 € |
| | Educadora ambiental | 8.278,58 € |
| | Documentalista | 17.042,83 € |
| | Administrativa | 7.712,29 € |
| Seguro accidentes e R.C. | | 700,00 € |
| Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.) | | 20.370,01 € |
| Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.) | | 5.584,56 € |
| TOTAL | | 75.391,58 € |

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **66,3204 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66,3204 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA, tendo en conta que non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de xuño de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de

subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iníciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 €, se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 150 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2018 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2. Para o caso de que o CEIDA non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2018. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL
DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DO CEIDA,

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

D. CARLOS VALES VÁZQUEZ”

23.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE OROSO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oroso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|------------------------------|--|
| CONCELLO | Oroso |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Acondicionamento do campo de fútbol de Oroso |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 502.533,74 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 330.000,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 172.533,74 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 65,66723 % |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0430/342/76201 |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE OROSO”

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Oroso, Manuel Mirás Franqueira

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oroso ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso, con CIF P1506100E, para o financiamento da obra de “Acondicionamento do campo de fútbol de Oroso”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto, Juan S. Lareo Sánchez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|------------------------------|--------------|
| Orzamento execución material | 349.006,00 € |
| Gastos xerais (13 %) | 45.370,78 € |
| Beneficio industrial (6 %) | 20.940,36 € |
| IVE (21 %) | 87.216,60 € |
| Orzamento da contrata | 502.533,74 € |

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 330.000,00 € o que representa unha porcentaxe do 65,66723 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,66723 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio

quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faíse constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de Oroso

Xosé Regueira Varela

Manuel Mirás Franqueira”

24.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORAS DE ACCESIBILIDADE NO DISTRITO 4” DO CONCELLO DA CORUÑA INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0044.0).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello da Coruña denominada “Melloras de accesibilidade no distrito 4”, co código 2015.3110.0044.0

Logo de presentar o Concello da Coruña un proxecto modificado desta obra; con diminución no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, co fin de adecuar a obra á realidade existente, xa que o proxecto orixinal incorporaba obras xa realizadas; así como logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello da Coruña denominada “Melloras de accesibilidade no distrito 4”, incluída na 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0044.0, que foi aprobada polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 881.075,64 €, que representa unha diminución do seu orzamento respecto do proxecto orixinal de 419,17 €, xa que o proxecto inicial incorporaba obras xa realizadas cuxo importe total era dun 11% sobre o orzamento de execución material, de xeito que o financiamento definitivo do proxecto modificado da obra queda como segue:

| Axentes cofinanciadores | Proxecto inicial contrata | Proxecto modificado contrata | Diferenza Contrata |
|-------------------------|---------------------------|------------------------------|--------------------|
| Deputación | 227.294,17 | 227.294,17 | 0,00 |
| Concello | 654.200,64 | 653.781,47 | -419,17 |
| TOTAL | 881.494,81 | 881.075,64 | -419,17 |

2.- Na partida 0430/1534/76201 do vixente orzamento provincial correspondente ao Plan de acción social (PAS) 2015 existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.”

25.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “CUBERTA E OUTROS NO PARQUE DA LAGOA DE MERA” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0122.0).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Oleiros denominada “Cuberta e outros no Parque da Lagoa de Mera”, co código 2015.3110.0122.0

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables, xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Oleiros denominada “Cuberta e outros no Parque da Lagoa de Mera”, incluída na 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0122.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 441.663,27€, que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial que é asumido integramente polo concello de Oleiros, tal e como se indica no seguinte cadro:

| Proxecto modificado “Cuberta e outros no Parque da Lagoa de Mera” Concello de Oleiros PAS 2015 (2015.3110.0122.0) | | | | |
|--|-------------------|------------------|---------------------|--------------|
| | | Contrata | Adxudicación | Balxa |
| PROXECTO INICIAL | Deputación | 325.137,27 | 323.871,67 | 1.265,60 |
| | Concello | 116.526,00 | 0,00 | 116.526,00 |
| | Total | 441.663,27 | 323.871,67 | 117.791,60 |
| PROXECTO MODIFICADO | Deputación | 325.137,27 | 323.871,67 | 1.265,60 |
| | Concello | 160.060,94 | 31.924,17 | 128.136,77 |
| | Total | 485.198,21 | 355.795,84 | 129.402,37 |
| INCREMENTO | Deputación | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Concello | 43.534,94 | 31.924,17 | 11.610,77 |
| | Total | 43.534,94 | 31.924,17 | 11.610,77 |

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1713/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao concello de Oleiros a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

26.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O FINANCIAMENTO DO “PLAN PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DOS XENERAIS DA ULLA 2017”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE BOQUEIXÓN, CIF P1501200H**, para o financiamento do “PLAN PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DOS XENERAIS DA ULLA 2017”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 13.329,45 euros, o que representa unha porcentaxe de 62,65 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao Sr. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 de 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE BOQUEIXÓN**.

Na Coruña, o .

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015

Doutra parte D. Manuel Fernández Munín, con DNI núm. 33273242Q, alcalde do CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE BOQUEIXÓN, quen actúa en representación dos cinco concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla, consideran de gran interese para a provincia a promoción do Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE BOQUEIXÓN CIF P1501200H**, para o financiamento do “*Plan para a Promoción Conxunta do Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla 2017*”.

2. **O CONCELLO DE BOQUEIXÓN**, na súa condición de representante dos concellos da provincia da Coruña incluídos no ámbito xeográfico das actividades obxecto do presente convenio (Touro, Vedra, Santiago de Compostela, Boqueixón e Teo), achega ao expediente un exemplar do plan de promoción, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, e acordos de delegación por parte dos concellos en BOQUEIXÓN para a realización dos trámites correspondentes.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

O orzamento total da execución do plan de promoción, desagregase co seguinte detalle:

| CONCEPTO | CANTIDADE |
|---|--------------------|
| Xestión de redes sociais | 1.331,00 € |
| Web adaptación / actualización | 1.210,00 € |
| Exposición dos Xenerais do Ulla: mantemento, traslados e montaxe/desmontaxe | 464,45 € |
| Publicidade - anuncios en prensa, web e tv | 3.630,00 € |
| Publicidade - anuncios en radio | 1.210,00 € |
| Representacións de títeres "As Xeneralas do Ulla" | 5.324,00 € |
| Imprevistos | 660,00 € |
| Accións varias dinamización | 2.600,00 € |
| Asistencia a feiras | 4.847,28 € |
| TOTAL | 21.276,73 € |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actividades, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 13.329,45 € o que representa unha porcentaxe de 62,65 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos)

acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,65 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE BOQUEIXÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN, unha vez que presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- 2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da sinatura do presente convenio e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BOQUEIXÓN na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BOQUEIXÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 01 de xaneiro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2017**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha

solicitud motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O Deputado

O REPRESENTANTE DO CONCELLO
DE BOQUEIXON

Xosé Regueira Varela”

27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O FINANCIAMENTO DA “II ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE CAMBRE, CIF P1501700G**, para o financiamento da "**II ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI**".

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 28.751,25 euros, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao Sr. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para asinar o convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE.

Na Coruña, o .

REUNIDOS

Dunha parte D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 de 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015

Doutra parte D. Óscar Alfonso García Patiño, con DNI núm. 76355955A, alcalde do CONCELLO DE CAMBRE.

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE, quen actúa en representación dos cinco concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla, consideran de gran interese para a provincia a promoción da II Romaría Galaico Romana Galaicoi.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMBRE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CAMBRE CIF P1501700G**, para o financiamento do “*II ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICO!*”.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

O orzamento total da execución do plan de promoción, desagregase co seguinte detalle:

| CONCEPTO | IMPORTE | |
|---|------------|--------------------|
| Servizo de organización do mercado | 7.986,00 € | |
| Total servizo organización do mercado | | 7.986,00 € |
| Memoria e control arqueolóxico | 726,00 € | |
| Memoria técnica - plan de evacuación | 605,00 € | |
| Iluminación do Castromaior | 1.102,36 € | |
| Desbroce e limpeza Castromaior | 1.621,40 € | |
| Valado Castromaior | 423,60 € | |
| Alugamento cabanas para o Castromaior | 3.267,00 € | |
| Transporte da cabana da Asoc.Castronela | 1.600,00 € | |
| Compra de pacas | 900,00 € | |
| Total adecuación Castromaior | | 10.245,36 € |
| Actividades de animación-xogos tradicionais | 1.089,00 € | |
| Elaboración da Tessela Hospitalis | 75,00 € | |
| Total actividades Castromaior | | 1.164,00 € |
| Iluminación do Campo da Feira | 2.266,18 € | |
| Total adecuación Campo da Feira | | 2.266,18 € |
| Alugamento de palco para actuacións musicais | 605,00 € | |
| Animación do campamento romano-asoc.recreadores | 1.500,00 € | |
| Total actividades Campo da Feira | | 2.105,00 € |
| Limpeza extraordinaria das instalacións | 119,79 € | |
| Alugamento de sanitarios | 1.452,00 € | |
| Alugamento de valas | 217,79 € | |
| Impresión e montaxe de sinalética | 1.197,78 € | |
| Total organización | | 2.987,36 € |
| Impresión de carteis, folletos e lonas | 944,55 € | |
| Impresión de merchandising (camisetas e chapas) | 1.784,75 € | |
| Elaboración dun banco de imaxes-vídeo | 1.016,40 € | |
| Disco duro para banco de imaxes-vídeo | 89,10 € | |
| Total difusión | | 3.834,80 € |

| | | |
|--------------------------|------------|-------------------|
| Publicidade | 5.350,36 € | |
| Total publicidade | | 5.350,36 € |

TOTAL ORZAMENTO

35.939,06 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actividades, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 28.751,25 € o que representa unha porcentaxe de 80,00 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMBRE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMBRE o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMBRE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMBRE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMBRE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CAMBRE, unha vez que presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMBRE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE CAMBRE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da sinatura do presente convenio e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMBRE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMBRE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMBRE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe

que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMBRE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMBRE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
Anunciar que eu vou votar a favor dos orzamentos e facer unha observación que fixen na Comisión, que creo que hai unha partida que se baixa dous millóns, en concreto no que se destina a estradas da Deputación provincial. A Deputación provincial ten unha rede inmensa de estradas na provincia e que son estradas que veñen de épocas moi lonxanas, anteriores incluso moitas delas ao franquismo, e son estradas que eran para carros e carretas, polo tanto, estradas de cinco metros de ancho que, cos tempos que corren, xa non hai coches pequenos, agora todo o mundo compra un monovolume, etc., e cando se cruzan nas estradas e en moitos puntos hai que parar se non se quere que o espello retrovisor se quede un sen el, ou temas parecidos. Xa non digo nada respecto á seguridade dos peóns, os peóns non teñen ningunha seguridade da maior parte das estradas que eu coñezo, que eu coñezo bastantes, porque recorro a provincia, recorro Galicia, e ademais recorrina durante moitos anos e sei do que estou a falar. Polo tanto, creo que é importante que a Deputación, ademais de, como acaba de dicir Antonio, ter recursos para os concellos, para as entidades, para as actividades, para cultura, etc. que non deixara de man un tema tan importante como é a obriga, neste caso prioritaria da Deputación, do mantemento e da seguridade desas estradas, e no mantemento non me refiro a botarlle unha capa de asfalto enriba doutra capa de asfalto, estou falando de ampliar esas estradas, de ampliar as marxes desas estradas, nalgúns casos estanse a tapar cunetas, e é un beneficio, porque non hai outra cousa, estradas entre valados, e non hai outro tema. Sei tamén que é moi difícil facer unha ampliación nas estradas porque para iso ou hai que contar coa vontade dos propietarios dos predios, que sempre é un traballo molesto, pero que deben de facer os concellos, cando lle digan á Deputación, quero que me amañe esta estrada súa, debe achegar o Concello un traballo de

conseguir o solo, como fai o Concello de Oleiros con distintas administracións, faino con esta Deputación, faino coa Xunta de Galicia, eu onte leveille á Xunta de Galicia unha estrada que se debe mellorar en Lorbé, e que nós entregamos o solo que nos entregaron os veciños.

Polo tanto, sei que é moi difícil se iso non se fai, porque expedientes de expropiación meteríámonos en anos de xestións para nada, e ao final o veciño vai cobrar tres patacóns, a miña muller cobrou a dous euros o terreo alá en Melide para ampliación da estrada provincial, sete anos despois. Pois iso eu non é o que persigo, pero si creo que temos que investir máis diñeiro. Nesta comarca, eu coñezo Galicia, pero esta comarca pola que son deputado, ten moitas necesidades nese aspecto, en Oleiros temos necesidade que é unha vila de 40.000 habitantes con moita poboación, e non pode estar a xente en risco de pasar por algunhas rúas, como pode ser a Rúa do Souto, que se me di que é case urbana, pero é da Deputación. Eu acepto mañá que ma entreguen arranxada, e acepto mañá que ma entreguen e se deixe a Deputación de ter máis carga coa rúa do Souto, ou a rúa que vai desde Montrove ata Santa Cruz, unha rúa moi transitada, moitísimo tránsito, e onde está o Pazo de Lóngora ou paras ou danche un sopapo ao coche que o estragan, hai un montón de accidentes. E logo se vemos as estatísticas de tráfico comprobaremos que o que eu digo é certo.

Por certo, cariñosamente, Antonio, cando fagas algunha reforma do orzamento, incluír máis diñeiro, polo menos para Oleiros, os demais se non o queren facer, é problema deles, máis diñeiro para as estradas porque onde viva a poboación hai que asegurar a vida das persoas, ante todo a vida das persoas, que é o importante. En Oleiros a xente está educada para camiñar, a xente camiña moitísimo en Oleiros entre núcleos de poboación, porque lle fixemos as sendas, pero aínda hai tramos que son neste caso da Deputación, que faltan por facer, e estendo isto a Cambre, a Culleredo, etc., a calquera outra localidade, que seguro que teñen os mesmos problemas que nós.

Por tanto, iso, que cando o fagades, que pensedes un pouco neste tema. Nada máis.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente, bo día a todos e a todas. Benvida tamén ao novo deputado e deputada.

Quixera, en primeiro lugar, agradecer a intervención explicativa do deputado de Facenda, así como a todos os departamentos e ao persoal da casa, os presentes sabemos o duro e o difícil que resulta o traballo de preparación duns orzamentos anuais de calquera entidade, e máis dunha administración tan grande en dimensión territorial e en termos económicos, como é a Deputación da Coruña. Supón, polo mesmo, un gran esforzo técnico pero tamén de decisión política. Obviamente as demandas da cidadanía son moitas pero os recursos, como saben, son limitados, e hai que definir prioridades. Así pois, á marxe doutras consideracións, comezo por recoñecer ese traballo.

Continuando con esta reflexión, pero entrando xa en materia, o certo é que facer o orzamento provincial para 2018 debeu entrañar aínda unha maior dificultade,

por canto que o Goberno central está sendo incapaz de presentar un orzamento para o vindeiro exercicio, e de feito xa descartou a súa aprobación antes do 1 de xaneiro. Este escenario negativo afecta a cuestións tan variadas como os futuros ingresos das distintas administracións, ou os custos de persoal que se deben de asumir. Este último aspecto, ademais, ten gran importancia porque non se produce a actualización salarial en función do IPC, coa consecuente perda de poder adquisitivo para as traballadoras e traballadores desta casa.

Estamos, pois, ante un orzamento que, ao seu carácter de previsión ten que sumar un carácter de provisionalidade. Os case 179 millóns de euros en termos absolutos sufrirán de seguro unha variación ao longo do exercicio, unha vez entre en vigor o do Estado. No aspecto formal o orzamento cumpre coa normativa legal de aplicación e mantén á institución en situación de débeda cero, que non é unha cuestión menor. Á vista das últimas decisións do Ministerio de Facenda, e a conversión do ministro Montoro, de estrito xestor neoliberal en feroz intervencionista por razóns políticas, non está de máis ser precavido, aínda que á luz dos feitos, ata iso podería non ser suficiente.

Os capítulos IV e VII de gastos indican unha aposta pola redistribución de recursos entre concellos e entidades da provincia, pola contra hai un descenso importante no capítulo de investimentos, dez millóns de euros menos que no proxecto de 2017. Teño que admitir que para o noso Grupo, para Compostela Aberta, esta é unha preocupación especial, xa que recentemente foron aprobadas por este Pleno varias actuacións en vías provinciais da nosa comarca que consideramos fundamentais, e que non deberan de retrasarse máis, ademais doutras que se están iniciando a súa tramitación. Agradecemos a información que a este respecto nos trasladou e que nos poida trasladar o deputado responsable de facenda, existen vías de incremento de créditos e de modificación orzamentaria que poden servir para paliar ese descenso na previsión inicial.

Non quero estenderme en exceso, pois este é un debate no cal seguramente haberá moitas intervencións, e non quero acaparar máis tempo, sen máis, quero anunciar o voto positivo de Compostela Aberta, que loxicamente nin é un cheque en branco, nin tampouco unha asunción completa do contido dos orzamentos. Mantemos posicións propias en determinadas cuestións, nas que discrepamos do Goberno, pero tamén somos capaces de tender pontes, de superar diferenzas e de colaborar co interese xeral como único obxectivo. Como exemplo destas discrepancias, permítame que cite que seguimos sen contar cun plan de grandes cidades, anunciado reiteradamente polo Goberno provincial. É certo que a Deputación débese principalmente aos concellos con menos habitantes e que teñen menor capacidade económica e operativa, pero tamén é certo que na provincia hai tres grandes cidades con características e necesidades propias e moi definidas, tamén moi diferenciadas, non queremos volver ao modelo de Corporación anterior, no cal se utilizaba a Deputación como soporte dos gobernos afíns das cidades, senón atender á realidade diferenciada. Precisamente un exemplo claro desa dualidade é o Concello de Santiago de Compostela, a segunda cidade da provincia e a capital do país, non debemos de esquecerlo, pero tamén ao mesmo tempo un dos concellos máis extensos e que conta con maior poboación rural, superior á de moitos concellos pequenos, con todo o que isto significa, dispersión poboacional de núcleos e dificultade na prestación de servizos. Pensamos que á marxe de discrepancias puntuais, resulta fundamental

que a Deputación conte cun orzamento e que a Corporación poida ter un instrumento económico que permita desenvolver as súas políticas de impulso e promoción da administración local e das iniciativas da sociedade civil, o que desexamos sen dúbida todos os representantes municipais aquí presentes. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día. En primeiro lugar queremos comezar esta intervención dándolle a benvida ás novas deputadas que hoxe comezan o seu camiño nesta Deputación e celebramos especialmente a chegada da primeira deputada do Grupo provincial Socialista, Patricia Blanco, porque se algo votamos en falta nesta Corporación, e así sempre o dixemos cando tivemos oportunidade, é a necesidade de corrixir esa enorme descompensación entre homes e mulleres que hai, e debe de servirnos de referencia para que non se volva repetir no futuro.

E sobre o asunto que nos trae hoxe queremos facer unha serie de consideracións para explicar o sentido do voto. En primeiro lugar, coma sempre, queremos agradecer ás persoas coas que mantivemos conversas nas últimas semanas a súa permanente, constante disposición ao diálogo e a falar, algo sen o cal o voto positivo, que confirmo xa nesta intervención, non sería tan sinxelo de conseguir. E cremos que existen razóns dabondo para dar este voto porque entendemos que a Deputación, que non está gobernada polo noso Partido, mantén, ao contrario que as outras administracións, como a Xunta e o propio Estado, unha responsabilidade institucional precisa para manter abertas liñas de colaboración tamén en grandes e pequenos proxectos. Neste sentido hoxe podemos celebrar que esta mañá se produciu a sinatura dun protocolo de acordo de colaboración no que se require un investimento importante da Deputación no Concello da Coruña, como é a reforma das cubertas do estadio do Riazor, pero que ademais cremos que a liña que defendemos desde o noso primeiro día aquí, que é a de substituír progresivamente a actividade subvencionadora da Deputación, que antes funcionaba dun xeito nominal, por unha dinámica planificada con criterios obxectivos aparece perfectamente plasmada neste proxecto de orzamentos.

E vemos neste proxecto de orzamentos, que agardamos que teña votos positivos suficientes, como se continúa o proceso de avances para a reforma desta institución, avances que de momento non son tan rápidos, certamente, nin tan ambiciosos como nos gustaría, e como vimos demandando, pero que son finalmente avances.

Nós seguiremos vixiando e empurrando para que estes avances se produzan, seguiremos pedindo máis transparencia, máis participación, pero tamén máis políticas públicas concretas, sen ir máis lonxe, en breve demandaremos a esta Corporación axudas para os concellos en materia de benestar animal, e outras derivadas tamén, presentes na nosa axenda política aquí desde o primeiro día, como son a promoción do emprego, a cultura, a igualdade de oportunidades, as políticas sociais xustas e, como non, a introdución da mobilidade ciclable e que se converta nun modelo, un recurso de desprazamento cotián e de diversificación turística nos concellos da provincia.

Reitero o noso voto positivo e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Bo día a todos e a todas, especialmente á deputada e ao deputado que acaban de tomar asento nesta nova Corporación, e que o seu paso por aquí sexa satisfactorio para toda a cidadanía da provincia.

Antes o portavoz do Partido Popular, na súa primeira intervención respecto das nominativas dicía que non era bo sempre reflexionar mirando atrás, eu penso sempre o contrario, e así llo teño manifestado tamén noutras ocasións, porque creo que todo é bo ou non dependendo con que se compare, eu son moi fan do mito da caverna de Platón e, evidentemente, para os que estaban dentro da caverna todo o que vían reflectido na parede parecíalle a realidade, pero a realidade estaba fóra. Entón, evidentemente, todo é comparable e todo é mellorable, acaba de dicir o portavoz da Marea que se precisan máis avances, e eu creo que o que leva feito este Goberno neste mandato é autenticamente revolucionario se comparamos cos catro anos da xestión do Partido Popular.

E que quero dicir con isto?, cambiamos moitísimas cousas, cambiamos a maneira de relacionarnos cos concellos, somos capaces de investir nos concellos máis que nunca en ningún momento da historia desta Deputación provincial, e facémolo dun xeito totalmente revolucionario, coñecendo de primeira man, canto lle vai tocar a cada Administración local da nosa provincia, é dicir, democraticamente, con criterios obxectivos, calquera Corporación que queira aprobar agora mesmo un orzamento municipal sabe cal é a contía inicial que vai recibir da Deputación, pero tamén ten mecanismos técnicos para saber como incrementar o seu propio orzamento de aquí ao final do ano. Porque tamén temos o compromiso de que a maioría, ou a maior parte dos remanentes que se producen nesta Deputación, e que se poidan incorporar, van ir ao mecanismo financeiro que aprobamos co Plan único.

Curiosamente a veces esquecesenos que o orzamento da Deputación provincial da Coruña, o que imos aprobar agora se contamos cos votos suficientes, eu xa lle agradezo en principio o voto ás forzas políticas que acaban de manifestar o seu voto favorable, é menos orzamento que o que ten a cidade da Coruña só para a cidade da Coruña, e con el tamén subvencionamos á cidade da Coruña e eventos importantes da cidade da Coruña, acábese de falar dun especialmente. Polo tanto, estamos falando dunha Corporación que ten moita capacidade de investimento, pero que é unha Corporación que ten un orzamento moi limitado e que, aínda así, xa digo, subvencionamos tamén a entidades locais que teñen orzamento no cómputo comparativo máis grande que o da propia Deputación. Pero é máis, sufrimos, e dun xeito moi duro, esa política neoliberal que fai que administracións como esta, que está totalmente saneada, que non debe nada a ninguén, que ten créditos cero, que todo o diñeiro que ten é diñeiro na propia institución, que non poidamos destinalo aos concellos da nosa provincia, seguramente estaríamos en disposición de aprobar un orzamento trinta ou corenta millóns superior ao que estamos aprobando, pero oh, ceos! o Partido Popular non nos deixa, porque é o Partido Popular o que está impedindo que ese diñeiro chegue aos concellos da provincia e isto é unha realidade que non é debatible, porque é así.

En todo caso eu creo que o orzamento que se terá que mellorar ao longo do ano, pero que é un orzamento que amplía a capacidade de investimento, non da Deputación da Coruña, dos concellos da provincia da Coruña, xa de partida en dous millóns de euros, pero a previsión final é de que o amplien bastante máis. E tamén temos capacidade de subir o Plan único e as transferencias aos concellos por unha razón, que lle quero recordar tamén ao Sr. Hernández, porque mentres que no último orzamento que xestionou o Partido Popular enteiro, que foi o do ano 2014 nesta administración pública, un 23% destinábase a subvencións nominativas no propio orzamento inicial, o que representaba un 23% máis ou menos, esta Corporación aproba un orzamento que só contempla en subvencións nominativas un 2,7%. Polo tanto, cando falamos de certas cousas, é importante comparalas, porque estamos pasando dun 23% ao un 2,7%, e a min dóeme especialmente, porque aí están as actas das sesións para corroborar o que vou dicir agora, e para corroborar, non o que dicía eu, senón o que defendía a nosa forza política, é que as subvencións nominativas desta administración pública non debían de pasar nunca do 5% do orzamento xeral inicial, nós estamos nun 2,7%. Curiosamente a anterior Corporación xa tiña a obriga tamén de ter un Plan estratéxico de subvencións, xa tiña as obrigas todas que se nos recriminan agora mesmo a nós.

Polo tanto, sempre é bo comparar, e eu creo que o orzamento que se trae hoxe a debate e aprobación neste Pleno comparativamente é moitísimo mellor que os orzamentos que se aprobaron na etapa de 2011 ao 2015. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente. Sen dúbida estamos ante o debate máis importante do ano, especialmente nunha administración que non ten capacidade legislativa, e estamos ante un debate dun orzamento determinado, dun orzamento inicial para o 2018, obviamente non é o debate ao respecto do que aconteza coa liquidación dese orzamento cando remate o ano 2018, dígoos porque podemos falar de previsibles, pero o que temos son uns documentos, uns feitos, e eses son os que temos que valorar.

Tamén gustaríame, antes de comezar a miña intervención facer unha reflexión respecto do que entendemos, polo menos desde o Grupo Provincial Popular por diálogo político, home, diálogo político e tentar atopar consensos e trasladar as liñas mestras antes de recoller esas liñas dos orzamentos e nos documentos concretos. Agradecemos, é certo, o traslado da documentación hai creo que dúas semanas, pero o que trasladou o señor deputado foi o orzamento redactado polo Goberno bipartito, polo tanto, si que é certo que houbo unha vontade de trasladar esas cifras, pero cando estaban pechadas, iso para nós non é diálogo real. Temos que valorar positivamente, é certo, que o Goberno presente o orzamento en novembro, especialmente á vista do que pasa en cidades, en cidades e en concellos de toda Galicia, pero tamén nas cidades da provincia. É curioso que critique o deputado de Compostela Aberta o que fixo o Goberno de España, presentou o orzamento en tempo e forma, se non conta cos apoios necesarios no Parlamento, obviamente iso non é culpa do Goberno, Compostela Aberta aínda non presentou os orzamentos para o vindeiro ano, estamos agardando, non sei a Marea, creo que a Marea está tentando atopar algún tipo de acordo na Coruña, e en Ferrol, que imos dicir de

Ferrol?, en Ferrol estamos afeitos a vivir permanentemente sen orzamentos, é unha nova moda desta nova política, das cidades rebeldes.

Estamos ante un orzamento continuista, como obviamente parece lóxico que o sexa, desde o momento en que é o terceiro orzamento deste mandato, pero nós cremos que tamén é un orzamento, e temos que ser claros, continuista e carente de ambición. Poderíamos coincidir en que as cifras totais, o montante global, é unha cantidade froito dun contexto xeral, xa escoitamos algo máis suavemente ao voceiro na materia do Goberno, pero despois algúns portavoces ao respecto de que, claro, a culpa é do Partido Popular, a culpa é do Sr. Montoro. Miren, ese discurso é aburrido e totalmente tramposo.

Miren, o orzamento medra en algo menos dun 1,4% para situarse en 178,9 millóns de euros, fronte aos 176,5 do presente ano 2017, pero a distribución do orzamento é unha decisión que adoptan vostedes, a estratexia do Goberno é a estratexia do Goberno e as priorizacións lóxicamente obedecen as súas decisións. Un orzamento que, como tamén subliñou o portavoz do BNG, vén ratificar as dúas liñas argumentais deste Goberno, as dúas cuestións que marcarán probablemente o que é a lembranza deste mandato, o Plan único, que parece que resolve todos os problemas desta casa, e a limitación das subvencións nominativas a unha porcentaxe sobre o orzamento provincial de entre o 5 e o 6%, aínda non sabemos a que obedece esa porcentaxe. Dúas cuestións repetidas polo Goberno pero que para nós non van conseguir xustificar todo un mandato, posto que nós cremos que, en definitiva, o que reflicten esa tentativa de xustificar a súa acción de goberno a través desas dúas accións, é en definitiva un pasotismo e unha inacción para facer política a nivel provincial. Nós discrepamos, discrepamos desta formulación.

A Deputación, o Goberno da Deputación non debe, nin é positivo, que transforme esta institución nun mero órgano administrativo, un órgano intermedio, sen discrecionalidade política, sen acción política, porque as decisións políticas son necesarias e son imprescindibles, son unha parte esencial da democracia e do xogo nas institucións, e discrecionalidade non é arbitrariedade, e se non facemos política, se o Goberno non fai política, a verdade é que, que facemos aquí?, non todo ten que ser automático. Renuncian vostedes a modificar a estrutura do orzamento e, polo tanto, caen na repetición. Polo tanto, amosan unha falta de ambición e unha escasa valentía.

O gasto total incrementábase, como subliñei, nun 1,37%, non obstante as operacións de capital, o capítulo VI e o VII pasan de 38 a 26 millóns, cuestións tamén subliñada polo portavoz de Compostela Aberta, menos de 11 millóns de euros neste ano en relación co ano anterior, é dicir, case un 30% menos, é curioso que Compostela Aberta estea satisfeita coa diminución de cuestións que poderían poñer en risco actuacións importantes para a comarca de Compostela e para estradas provinciais como é Roxo, Reborido e outras estradas que están na nosa contorna. Menos gasto de capital, menos investimento e menos transferencia de capital, e máis gasto corrente, iso é así, é certo. Soben as transferencias correntes pero obviamente iso o que reflicte é que temos unha Deputación menos eficiente.

Renuncian a planificar as subvencións no propio orzamento, cuestión que como subliñei na miña anterior intervención, posibilita e permite a lei. Falta ambición,

é continuista e o que é evidente, non é o orzamento do Grupo maioritario desta casa, non é o orzamento que nós teriamos feito de estar con responsabilidades de Goberno.

Criticamos as cantidades, si que as criticamos, o contido e a estrutura, pero tamén temos que facer, e gustaríame para rematar facer unha reflexión ao respecto da execución do orzamento, temos creo que moitos exemplos do que é a lentitude na tramitación de moitos expedientes, atrasos nas programacións, nos plans, necesidade de aprobar reiteradamente prórrogas nos diferentes eixos de actuación da Deputación e, especialmente este Grupo está preocupado ao respecto do que acontece coas axudas deportivas da provincia. Non é que o digamos nós, é que calquera que se informe nas redes sociais poderá comprobar o que acontece con atrasos de case un ano, con reiteracións ao respecto da documentación presentada no seu día, con peticións que son exactamente as mesmas que hai un mes, dous meses ou tres meses, e con atrasos que están afectando de xeito grave a moitas asociacións e a moitos clubs da provincia. Ese é un exemplo do que acontece, polo tanto, podemos falar de orzamento, podemos falar de cantidades pero se ao final o orzamento non somos capaces de executalo en tempo e forma, estamos ante un debate baleiro.

Pero unha última reflexión, que podemos agardar dun Goberno bipartito no que a metade do Goberno, ben, unha parte do Goberno, porque non é a metade, segue mantendo que o seu obxectivo é eliminar as deputacións,?, probablemente a inacción, probablemente os atrasos, probablemente a falta de ambición obedeza a unha estratexia para baleirar de contido esta institución. Nós, loxicamente, non imos entrar nese xogo, nós non imos apoiar estes orzamentos porque, como subliñei, non son os nosos orzamentos. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Leira Piñeiro

Gustaríame facer unhas cantas reflexións. En primeiro lugar, como non pode ser doutra maneira, agradecer a intervención, tanto de Gelo, recollo esa testemuña de petición que, como ben sabes, Gelo, somos conscientes de como están as estradas da provincia, cal é o seu mantemento, o preciso dese mantemento, pero tamén se nos fixamos e miramos como empezaron os orzamentos do ano pasado, como continuaron, vemos que esas cantidades se incrementaron de forma tamén notoria e positiva, tanto en mantemento como en sendas, como en travesías. Polo tanto, agradecer a intervención e o talante, e dicir que nese sentido por suposto que estaremos alerta, e seguro que non chegaremos a todas pero si intentaremos, polo menos, telas o máis axeitadas posibles porque os veciños o merecen así.

Por suposto, tamén o talante de Manolo, e pensar que o investimento, un investimento que é certo, que vai ser investimento, e xa lle contesto do mesmo xeito a Agustín, ao portavoz do Partido Popular, fagamos unha reflexión serea e sensata, que o investimento, esta baixada de investimento, se palía porque eu penso que o gasto corrente hoxe en día tamén é investimento, ou pode ser parte do investimento que poidamos facer nas actuacións, é cuestión de saber axeitadamente e poder atinar ben e poder facelo de forma positiva para todos, pero eu estou convencido de que o gasto corrente tamén pode ser investimento e debe ser investimento.

Tamén contestar neste caso a Marea Atlántica, tamén agradecer a disposición para votar a favor destes orzamentos, e xa dicía neste caso o meu compañeiro Xosé que estamos gobernando para todos os concellos da provincia. A Coruña posúe unhas características especiais, e isto vén ao fío e incluso nun dato que pensemos que A Coruña, o que é a provincia, vén a ser o 41% da poboación de Galicia, o 41%, que non é pouco, e temos o orzamento o que temos, con respecto incluso a esta propia cidade da Coruña. Son 93 concellos con diferentes demandas e necesidades, e con máis de moitos habitantes que significa a grande porcentaxe dos habitantes do país, e estamos falando o 58% da poboación.

Dicía tamén Xosé Regueira na súa intervención, falaba de comparable e mellorable orzamento, claro, e seguramente que o ano que vén poidamos seguir comparando e oxalá poidamos tamén seguir mellorando este orzamento. Concordo con el en que temos unhas limitacións orzamentarias, temos unhas regras de gasto, temos unhas leis que non nos permiten poder acometer o orzamento que nós quixeramos nun principio, pero vostedes son os suficientemente intelixentes como para saber que o orzamento, como ben dicía Xosé, vaise incrementar máis ou menos en trinta millóns de euros, case con toda seguridade, que vai permitir que estas cuestións, como o que falaban de investimento, desta baixada do investimento, se vexa despois recompensada e xustamente ten que estar despois dotada dos orzamentos que corresponden.

Eu simplemente dar un par de datos, e como vexo que a Agustín lle gusta moito o tema dos datos, eu voume apuntar tamén a esa roda de Agustín, porque o ano pasado nos criticaba a baixada en políticas sociais, creo que era, se non me equivoco, venme agora á memoria ese dato, debe de ser que este ano seguramente subiu as políticas sociais e, efectivamente, mirei aquí e efectivamente subiron as políticas sociais, o ano pasado era todo o contrario. Pero mire, non só as políticas sociais, senón tamén a asistencia técnica aos concellos, que sobe un 5%, tamén sobe promoción económica case un 2%, e sobe en Cultura e Deporte cerca do 10%, e na administración electrónica sobe un 52%.

Por certo, ás veces énchesenos a boca e miramos, cando falamos da Deputación, como un ente que se visualiza en torno a estradas, que é onde van a maior parte dos investimentos, falamos do continente pero non do contido, e eu permítanme que lles fale un momento do contido. O contido significa aumento de servizos en nóminas e asistencia económica, iso significa que máis concellos demandan este servizo, significa apoio e asistencia aos concellos da provincia no manexo da aplicación de xestión de recursos humanos ofrecido pola Deputación. Dous datos, simplemente, unha primeira fase 50 novos concellos, e na segunda fase 25 concellos máis. O nivel de incidencias xeradas o ano pasado neste apartado foron de 2.000, non son poucas. Para o ano 2018 prevese a incorporación de novas entidades, que non son menores, estou falando do Concello de Ferrol e estou falando do Concello de Carballo, un reto importante ademais.

Voulle falar do aumento do servizos na administración electrónica, na contratación concretamente. No curso da implantación do sistema económico-financeiro dos concellos de Carballo, de Ferrol, da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol, do Concello de Narón, do Padroado cultural de Narón, do Concello de Teo, e neste momento está en curso a implantación de sistema de xestión de

persoal nos concellos de Carballo e de Ferrol. Un novo padrón de habitantes que abarca 82 concellos, xa está implantado, por certo, Cambre e Carballo, no caso de Cambre implantándose neste momento e no do Carballo en contratación. A implantación inicial de expedientes electrónicos en concellos, 71 entidades locais, 71 de 81, non está nada mal. Isto repercute nunhas xornadas de formación moi importantes, estamos a falar de que chegamos a 2.120 usuarios.

Fálolle tamén, dentro do contido dos orzamentos, falo de persoas e de servizos, estou falándolle tamén do aumento de servizos en recadación e tesourería. A actualización do famoso programa Ágora que tantos beneficios nos trae a todos os concellos, e que quedou caduco, porque levaba anos e anos e anos caduco, e neste momento é un baluarte para a comunicación nos concellos. Máis concellos demandan recadación e tributos varios, estase traballando na contratación dunha nova aplicación para a xestión de taxas e outros ingresos, con ocasión disto valoraremos tamén a posibilidade de que estes se amplien ás delegacións correspondentes, incluír cobros de liquidacións, ingresos directos, executivas e voluntarias, se fose preciso.

Financiamento das revisións catastrais en novos concellos, concretamente este ano estamos falando dos concellos de Abegondo, Paderne, Ponteceso, Teo e Sada para actualizarse neste cometido. Aumento importante no servizo de asesoría xurídica. Aumento importante na rede cultural e actuacións nos concellos. Non me vou parar aquí moito, pero si podo asegurarlle que case duplicamos o que había ata o de agora, e ningún concello quedou sen actividades culturais que precisaban.

Aumento de dotación en medio ambiente, un dato que xa fixen reflectir na miña intervención, e que vai significar tamén un salto cualitativo na contratación de técnicos medioambientais para concellos, o que tamén significa fomento do emprego.

Aumento de servizos en benestar social, xa comentaba antes a importancia do aumento dos servizos sociais, e do benestar social, estamos falando de novos programas tamén para contratar auxiliares, se non me equivoco, en máis de vinte concellos da provincia. Estamos a falar de aumento das contías na axuda no fogar, axuda que irá a cidadáns. Estamos a falar tamén do aumento do PEL, que case chegaremos a oito millóns de euros. Estamos a falar de dotación en patrimonio, que en catro anos vai ter un investimento económico perto dos oito millóns de euros, voulle citar algúns exemplos, porque ao mellor non o sabemos: proxecto do xeparque de Cabo Ortegal, a reserva da biosfera das mariñas coruñesas e as Terras do Mandeo, o parque arqueolóxico megalítico da Costa da Morte, a ruta do neoclásico do Barbanza, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés e o parque rupestre do Val da Maía, son algúns dos exemplos.

O Plan único, creo que xa falamos, xa tocamos algún apunte, pero igual hai que refrescalo, que temos dous millóns máis de euros dos que inicialmente tiñamos nas mesmas datas do ano pasado, e podo asegurarlles que o noso obxectivo non vai ser baixar nunca dos noventa que acadamos nesta, con criterios obxectivos para todos. E ademais, como ben dicía tamén Xosé Regueira, vai permitir aos concellos saber as contías que van recibir, e vai facilitar, por suposto, tamén facer os seus propios orzamentos.

No apartado de actas, seguramente estarannos vendo agora mesmo fóra desta sala, iso tamén é grazas a asistencia, todo hai que recoñecelo, neste caso de Claudia, que puxo moito énfase niso, a deputada de Marea, porque hai que ser cortés e recoñecer cando o mérito é de quen é, e grazas a iso estannos vendo fóra desta estancia.

E mire, no tema de persoal, un tema que é complexo e que nunca imos ter o vaso cheo. No tema do persoal, no ano pasado, cen traballadores tiveron oportunidade de facer promoción interna, e o próximo venres, se non me equivoco, vinte e catro novos laborais van pasar a funcionarios, á marxe de que recuperamos, como xa dixeran na miña intervención, cuestións tan importantes como o seguro de vida, plans de pensións e outras liñas que favoreceron tamén unha mellora na vida dos traballadores, e somos sabedores que nos quedan moitas máis.

Por iso importante é saber que a Deputación non soamente é o escaparate, é o que hai dentro da Deputación, e para poder darlle servizos aos concellos, ten que haber toda esta galería de servizos, e isto estamos ampliándoo con creces. Eu quixera deixar esta mensaxe para que tiveramos unha perspectiva dunha Deputación máis moderna, máis ampla en canto a servizos e con máis servizos tamén para os cidadáns, e iso os cidadáns van nolo agradecer.

Sr. Dios Diz

Por alusións, porque o portavoz do Partido Popular está moi preocupado con Compostela Aberta, eu creo que ten razóns para estar preocupado, moi preocupado porque perdeu unha vez con Compostela Aberta, e todo parece indicar que vai volver perder de novo. Mire, a perversidade do seu argumento é o seguinte, a culpa de que no Estado non haxa orzamentos é dos demais, porque o goberno presentou en tempo e forma, polo contrario, a culpa de que non haxa orzamentos na Coruña, en Santiago ou en Ferrol, é dos gobernos municipais, é máis, non, non, pero en Santiago si imos ter o orzamento moitísimo antes do que o Sr. Agustín Hernández desexaría.

E unha segunda cousa, en relación con Montoro, que vostede tamén está moi preocupado con Montoro, eu non lle vou falar de Montoro, voulle falar do segundo de Montoro. É o Goberno, e é Montoro e o seu segundo, quen intervén o Concello de Madrid, sabe vostede quen é o impulsor da intervención no Concello de Madrid?, o exalcalde de Xaén, sabe quen é o ex alcalde de Xaén?, José Enrique Fernández Molla, o segundo de Facenda, Secretario de Estado de Facenda, e sabe o que pasou en Xaén con este tipo, con este señor?, que endebedou a súa cidade cun burato de 550 millóns de euros, e deixouna en quebra técnica, é a cidade de máis de 100.000 habitantes con maior débeda per cápita do Estado, cada habitante de Jaén debe máis de 4.800 euros, incumpriu a regra de gasto nos tres últimos exercicios, pero o Ministerio, curiosamente, decidiu non intervir as súas contas, o contrario do que fixo en Madrid, é certo, dío con carácter excepcional, entre comiñas, e con razóns operativas, moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente pediríalle ao Sr. Dios, por unha cuestión de orde, que retirara ese adxectivo que creo que non foi axeitado ao respecto dun alto cargo do Estado.

Sr. Dios Diz

Inmediatamente dixen señor.

Sr. Requeira Varela

Moi brevemente, iso si é querer cargarse unha Administración pública. Nós evidentemente estamos porque desaparezan as deputacións, pero non as imos deixar na bancarrota que ao mellor é a mellor maneira de facer que desaparezan, non, nós imos facer que esta Deputación sexa solvente, sexa boa para os concellos, mentres que exista, e polo tanto, para iso traballamos, pero vou poñer algúns exemplos, tampouco non quero facer unha intervención demasiado longa.

Primeiro, por alusións, falaba o Sr. Hernández de arbitrariedade e discrecionalidade. A min víñame á memoria, xa que o deputado Antonio Leira falou tanto de Carballo, quen é deputado por Carballo son eu, vou citar o meu concello, entón facíame unha entrevista un medio de comunicación cando se soubo que eu ía formar parte do Goberno da Deputación e dicíame, supoño que iso en Carballo se notará, e eu dicíalle, a Carballo como lle dean o que realmente lle toque, eu xa me conformo. E iso dígoo porque eu creo que no anterior mandato, non sei se discrecionalmente, pero arbitrariamente si que hai cuestións nas que se actuou, e creo que os datos están aí para corroboralo. En certa ocasión, o portavoz do PP, non sei se se acordará, preguntoume por qué un concello levaba tan pouca subvención en turismo, e cando lle ensinei os datos xa non me volveu preguntar, evidentemente, sería porque antes había iso que se chamaba interese provincial, e que non se sabe aínda hoxe o que é o interese provincial, o que se sabe é que cambiaba moitísimo o reparto das subvencións ao que hai a día de hoxe, que é un criterio totalmente obxectivo con comisións técnicas, e que polo tanto a súa tramitación tamén leva moito máis tempo, e de aí que sexamos un pouco máis lentos á hora de conceder.

Pero falando de administracións e falando de compromiso e do que dicía el de pasotismo, non sei se era a palabra que se utilizou, que a min tamén me gustaría que ese tipo de termos non se utilizaran, pero vou poñer algún caso de compromiso, e non vou poñer na miña área, que xa os citou practicamente todos o Sr. Leira, pero mire, competencias que non son da Deputación coas que a Deputación está comprometida: Fogar Infantil Emilio Romay, orzamento inicial da Deputación, 2.071.000 euros, competencia da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia achega 180.000; Centro de Día de Menores de Ferrol, competencia tamén en materia da Deputación da Coruña, orzamento inicial da Deputación 1.007.000 euros, achega da Xunta de Galicia, 70.000; IES Puga Ramón, tamén é competencia da Xunta, educación que eu saiba, orzamento inicial da Deputación 2.331.000, Xunta de Galicia 426.000; IES Calvo Sotelo, 1.369.502 euros, Xunta de Galicia, 160.000, e Centro residencial Calvo Sotelo, a Xunta de Galicia non pon nada e a Deputación pon 627.000.

Polo tanto, evidentemente, nós non sei se nos poñemos de perfil ou non, o que sei é que estamos apostando por moitísimos servizos que incluso non tiñamos que apostar nós, senón que tiña que apostar a administración competente e non o fai.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Brevemente, simplemente porque creo que é importante que situemos todo no seu punto xusto, simplemente lembrar que en 2011 España estaba ao borde do rescate, as administracións públicas moitas delas estaban en quebra, esta Deputación tiña débeda, claro que si, e grazas ao rigor, grazas ao esforzo das administracións e dos cidadáns, hoxe a administración está absolutamente saneada e ten un superávit, 36 millóns de euros creo lembrar que atopou o Sr. Diego Calvo cando chegou, e neste momento débeda cero, como se acaba de subliñar. Polo tanto, tamén é importante lembrar que grazas a ese saneamento financeiro desta casa é posible aplicar e realizar as políticas que está realizando o goberno bipartito. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Presidente

Simplemente unha pequena apreciación, porque tanto Agustín como Gelo, como Manolo, poñían digamos que enriba da mesa unha cantidade, unha especie de alarma, de petición para que non se rebaixaran os importes que van dedicados a investimento en infraestruturas provinciais, en canto a vías provinciais. Dicar que a data 24 de novembro os créditos iniciais no presuposto 2017 sumaban entre todas as partidas 19.600.000, a data de hoxe o presuposto definitivo ata 24 de novembro xa vai en 39 millóns de euros, é dicir que como ben sabedes o presuposto é un documento moi vivo, nunha Deputación que é moi prudente á hora de orzar, e que ademais ten que orzar sen presupostos do Estado en 2017 e tamén en 2018. Só dicir unha cantidade que é bastante significativa, o presuposto de 2017 con 176 millóns de euros, leva a data de hoxe neste Pleno aprobados gastos autorizados por 293 millóns de euros, é dicir que se aproxima un pouco ao que é o presuposto consolidado definitivo da Deputación da Coruña. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2018, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2018 por importe de 178.950.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

| | | |
|--------------|--|----------------|
| CAPÍTULO I | Impostos directos | 16.849.442,47 |
| CAPÍTULO II | Impostos indirectos | 14.600.217,67 |
| CAPÍTULO III | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 10.439.337,50 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 136.365.948,77 |
| CAPÍTULO V | Ingresos patrimoniais | 195.053,59 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES 178.450.000,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

| | | |
|--------------|-----------------------------------|------|
| CAPÍTULO VI | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 0,00 |

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL 0,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

| | | |
|---------------|---------------------|------------|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 500.000,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 0,00 |

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS 500.000,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 178.950.000,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

| | | |
|--------------|--|---------------|
| CAPÍTULO I | Gastos de persoal | 41.386.559,96 |
| CAPÍTULO II | Gastos correntes en bens e servizos | 26.298.374,05 |
| CAPÍTULO III | Gastos financeiros | 20.000,00 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 56.747.720,66 |
| CAPÍTULO V | Fondo de continxencia e outros imprevistos | 3.579.000,00 |

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES 128.031.654,67

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

| | | |
|--------------|---------------------------|---------------|
| CAPÍTULO VI | Investimentos reais | 16.797.574,33 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 10.040.000,00 |

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL 26.837.574,33

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

| | | |
|---------------|---------------------|---------------|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 24.080.771,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 0,00 |

TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS 24.080.771,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 178.950.000,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

| ÁREA DE GASTO | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|------------------------------|--|-----------------------|
| 1 | Servizos públicos básicos | 3.582.545,00 |
| 2 | Actuacións protección e promoción social | 33.298.186,83 |
| 3 | Producción bens públicos carácter preferente | 23.316.737,89 |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 54.873.375,78 |
| 9 | Actuacións de carácter xeral | 63.879.154,50 |
| 0 | Débeda pública | 0,00 |
| TOTAL ORZAMENTO XERAL | | 178.950.000,00 |

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo Consorcio Provincial para o exercicio 2018, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

| | | |
|--------------|--------------------------|--------------|
| CAPÍTULO I | Impostos directos | 0,00 |
| CAPÍTULO II | Impostos indirectos | 0,00 |
| CAPÍTULO III | Taxas e outros ingresos | 2.379.319,52 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 6.593.599,32 |
| CAPÍTULO V | Ingresos patrimoniais | 1.100,00 |

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES 8.974.018,84

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

| | | |
|--------------|-----------------------------------|------|
| CAPÍTULO VI | Alleamento de investimentos reais | 0,00 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 0,00 |

TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL 0,00

3. OPERACIÓN FINANCIERAS:

| | | |
|---------------|---------------------|------|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 0,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 0,00 |

TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS 0,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 8.974.018,84 €

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

| | | |
|-----------------------------------|-------------------------------------|---------------------|
| CAPÍTULO I | Gastos de persoal | 326.703,64 |
| CAPÍTULO II | Gastos correntes en bens e servizos | 8.334.899,56 |
| CAPÍTULO III | Gastos financeiros | 1.000,00 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 220.415,64 |
| CAPÍTULO V | Fondo de continxencia e outros i. | 0,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | | 8.883.018,84 |

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

| | | |
|------------------------------------|---------------------------|------------------|
| CAPÍTULO VI | Investimentos reais | 91.000,00 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 0,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | | 91.000,00 |

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

| | | |
|-------------------------------------|---------------------|-------------|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 0,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 0,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS | | 0,00 |

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 8.974.018,84 €

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

| ÁREA DE GASTO | DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|-------------------------------------|--|----------------------------|
| 1 | Servizos públicos básicos | 8.454.265,95 |
| 2 | Actuacións protección e promoción social | 0,00 |
| 3 | Producción bens públicos carácter preferente | 0,00 |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 0,00 |
| 9 | Actuacións de carácter xeral | 519.752,89 |
| 0 | Débeda pública | |
| <u>TOTAL ORZAMENTO XERAL</u> | | <u>8.974.018,84</u> |

4º.- Aprobar o estado de consolidación do orzamento provincial e do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2018.

| INGRESOS | | GASTOS | |
|--|-----------------------|--------------------------------------|-----------------------|
| CAPÍTULOS | IMPORTE | CAPÍTULOS | IMPORTE |
| I.- IMPOSTOS DIRECTOS | 16.849.442,47 | I.- GASTOS DE PERSOAL | 41.713.263,60 |
| II.- IMPOSTOS INDIRECTOS | 14.600.217,67 | II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERV | 34.633.273,61 |
| III.- TAXAS, PREZOS P. E OUTROS INGRESOS | 12.818.657,02 | III.- GASTOS FINANCEIROS | 21.000,00 |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 139.662.748,43 | IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 53.671.336,64 |
| V.- INGRESOS PATRIMONIAIS | 196.153,59 | V.- FONDO DE CONTINXENCIA | 3.579.000,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | 184.127.219,18 | TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | 133.617.873,85 |
| VI.- ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS | 0,00 | VI.- INVESTIMENTOS REAIS | 16.888.574,33 |
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 | VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 10.040.000,00 |
| VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS | 500.000,00 | VIII.- ACTIVOS FINACEIROS | 24.080.771,00 |
| IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | 500.000,00 | TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | 51.009.345,33 |
| TOTAL ORZAMENTO | 184.627.219,18 | TOTAL ORZAMENTO | 184.627.219,18 |

5º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do RD 500/1990 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990 do 20 de abril.

6º.- Despois de aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da comunidade autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

I. MOCIÓN PARA A REDUCIÓN DA PORCENTAXE DE COBRO AOS CONCELLOS POLA XESTIÓN DA RECADACIÓN EN PERIODO VOLUNTARIO

EXPOSICION DE MOTIVOS

Dos 93 concellos da Provincia, 81 teñen delegada na Deputación a recadación dos impostos municipais máis significativos economicamente e de carácter obrigatorio

(imposto de bens e inmuebles, imposto sobre actividades Económicas e Imposto de vehículos de tracción mecánica), sendo este o contido mínimo da delegación que establecen as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da Provincia.

A Deputación da Coruña, na Ordenanza Fiscal número 5, reguladora da taxa pola prestación de servizos tributarios, establece un tipo de gravame do 5% a aplicar sobre a recadación líquida obtida en período voluntario.

Por parte do PP recoñece o gran traballo realizado polo servizo de recadación da Deputación da Coruña e por todos os seus traballadores.

Coñecemos que o traballo máis importante dos recadadores realízase sobre todo na recadación executiva e por iso non consideramos xustificada a modificación da porcentaxe do cobro da Deputación para estes supostos. Non obstante no caso da recadación en período voluntario, a situación económica da Deputación, como consecuencia do extraordinario traballo realizado no mandato anterior, permite reformular a porcentaxe que retén a Deputación, co obxecto de diminuír o mesmo e de esta forma conseguir que os Concellos que teñen delegada a referida xestión, incrementen os seus recursos e poidan dispoñer de ese ingreso adicional para reforzar calquera das súas liñas presupostarias.

Por outro lado, de acordo coas nosas informacións, a maioría dos concellos teñen delegada a recadación na Deputación hasta o ano 2021, polo que para dar estabilidade ao servizo da recadación da Deputación a medio e longo prazo, parece razoable realizar as xestións necesarias para ampliar o prazo de delegación, ao menos en 10 anos adicionais.

Por todos estes motivos, o Grupo Provincial Popular, solicita ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º) Reducir a porcentaxe da recadación en VOLUNTARIA dos impostos obrigatorios do 5% ao 2,5% para os concellos que teñen delegado esa competencia

2º) Que por parte dos órganos correspondentes da Deputación Provincial se realicen as xestións oportunas para proceder á prórroga da recadación en VOLUNTARIA en dez anos necesarios.

Sr. Calvelo Martínez

Un saúdo a todos, tamén quixera saudar aos dous novos deputados que se incorporan, creo que coincide ben un pouco esta presentación desta moción, imos falar se despois hai un compromiso, se a podemos retirar ou non, porque é verdade que eu nos últimos minutos oín unha intervención idílica da situación da Deputación, a verdade é que teño que recoñecer que debe ser a Administración pública, que polo menos eu coñezo, que en mellor situación económica está. Oímos aquí que situación idónea, débeda cero, un gran saneamento e cun orzamento de 179 millóns de euros.

Quixera un pouco que tamén pensaran e valoraran todos os deputados a importancia desta moción que se presenta hoxe aquí, estamos a falar de 81 concellos. Nosoutros o que propoñemos é que nese sentido para os concellos que teñen delegada, queroo matizar clarisimamente o que é os impostos máis significativos de carácter obrigatorio, IBI, IAE, e imposto de vehículos, e o que no período de recadación, na recadación voluntaria, vólvoo reiterar, voluntaria, nese sentido que actualmente a porcentaxe, non vou dicir comisión, que creo que non é unha palabra apropiada, pero a porcentaxe que lle cobra aos concellos a Deputación por esta actividade de recadación en voluntaria é do 5%, creo e entendo, e eu principalmente que coñezo ben como funcionan os servizos de recadación, quixeramos facer unha valoración moi importante do traballo que están facendo, e quizais recoñecer que é un dos servizos que mellor funciona actualmente na Deputación, que ningún concello dos que temos un pouco delegada a recadación, non criticaría ou lle parece apropiada a execución que está facendo.

Quixera un pouco nese sentido falar que o que nós propoñemos, que é a rebaixa dese 5% de porcentaxe, non de comisión, imos dicir, de porcentaxe ao 2,5, o que significa, tal como está aquí esta situación económica da Deputación, signifícalle un impacto económico mínimo. Estamos a falar de ao mellor un impacto, unha repercusión económica do que pode ser o 2% nun orzamento de 179 millóns de euros, un 2%, e que aínda por riba vostedes estean cunha previsión de aumentar outros trinta millóns, van aumentar outros trinta millóns o orzamento seguramente no exercicio 2018, e nós pedimos unha rebaixa nese sentido do 2%, do que é un pouco a comisión, entendemos que esta moción eu creo que está interesada para todos os concellos, ademais concellos de todas as cores, 81 concellos de todas as cores que hai aquí un pouco na provincia da Coruña. Cando se falaba, e sobre todo a importancia de que a recadación da Deputación, e esa porcentaxe de cobro, hai que dicir que é diñeiro dos veciños dos concellos, aquí non entramos, eu creo que o debate de nominativas, teño que dicir que para min é un debate que segundo como o mires, e é verdade que moitas veces dependendo dunha Corporación uns protestan máis polas nominativas, outros protestan menos, nós o que estamos pedindo é que os cartos dos veciños de cada concello repercuta de volta outra vez neses veciños, neses concellos, incluso, que eu son un firme defensor de que a Deputación apoie firmemente aos concellos máis pequenos, a min persoalmente, esta é unha opinión persoal miña, a min non me parecería mal que incluso ese 2,5% de porcentaxe que se lle cobra ou que pediríamos reducir aos concellos pequenos, que aínda fora inferior. Estamos falando de que nos concellos de menos de 5.000 habitantes, o que supón reducir do 5 ao 2,5 e máis de medio millóns de euros para eles, e entendemos nese sentido que estando esta situación económica, esa previsión de crecemento un pouco do orzamento de trinta millóns de euros, isto pódese formular coa modificación da ordenanza 5, ordenanza fiscal número 5, e un pouco levalo ao longo da execución presupostaria do ano 2018 e que eses trinta millóns que van incorporar de remanente, se destinen para, volvo reiteralo, ese diñeiro dos veciños de cada concello, devolveos, porque beneficiaríaos incluso a eles a nivel presupostario, a nivel de gasto corrente, e téñenme que perdoar que moitas veces esa sensación que temos os alcaldes, segundo estea aquí gobernando, de ter que vir aquí ás veces para mendigar unha nominativa, nese sentido, creo que se evitaría ese problema.

Quixera dar algúns datos para que se poida valorar, non só a presentación do Partido Popular, que o está facendo, senón neste caso os Grupos que gobernan, PSOE, isto podería supoñer un aforro a un concello como Narón, que non ten aquí representación, de máis de 300.000 euros, un concello como Culleredo, o anterior alcalde estaba aquí, e cando lle comentamos esta situación el estaba de acordo en reduci-lo, dun aforro de 228.000 euros. Os concellos que son entre 5.000 e 20.000 habitantes, Ares, máis de 90.000 euros de aforro, Betanzos, 170.000 euros de aforro, Miño, que eu creo que tamén habería que especificar que en situacións, imos dicilo así, complexas, moi difíciles, como ten unha situación económica o Concello de Miño, poder reducir esa porcentaxe que se cobra, incluso sería un pouco nese sentido unha boa actuación, máis de 100.000 euros. Sada, máis de 100.000 euros, concello de menos de 5.000 habitantes, Fisterra, 39.000 euros, San Sadurniño, 35.000 euros, Zas, 40.000 euros, Cariño, 45.000 euros. Eu creo que nese sentido cando un pouco afirmaba neste caso o deputado Regueira que están aquí facendo un cambio revolucionario, nós non somos revolucionarios, nós cremos nas entidades locais, nos concellos, na xestión dos nosos propios recursos e un pouco nese sentido pedimos que se poida aplicar ao longo do ano 2018 nese sentido esta variación do 5 ao 2,5 por cento, e nós non estamos cos cambios revolucionarios, senón que estamos cos cambios do sentido común, a lóxica e, sobre todo, polo que é o autogoberno local de todos os concellos.

Estamos dispostos a retirala se se asume un compromiso.

Sr. García Seoane

Hai un costume en política, que cando un non goberna dille ao que está gobernando que baixe as taxas e os impostos, iso é xeral, é xeral, afecta a todos, menos a Alternativa dos Veciños, si, porque en Oleiros nunca gobernou ninguén nada máis ca nós, pero si estou afeito a que a oposición veña ao Pleno a dicir, báixese o imposto, báixese o IBI, báixese a nai de Pilatos, e a outra, e a outra. Polo tanto, iso é unha demagogia tremenda, porque os concellos, para que teñan cartos, teñen que ser xestores, o concello non deixa de ser, ademais dun ente político, unha empresa, e as empresas necesitan bos xestores, e se non hai bos xestores políticos non funciona, e polo tanto, cando se fala os impostos e as taxas, os impostos principalmente, as taxas é pagar un servizo que tes, polo tanto non estás pagando ningún imposto, hai quen lle chama á taxa imposto por pagar polo lixo, non, a vostede estamos recolléndolle o lixo, a vostede estamos dándolle auga, etc., etc.

Polo tanto, o Concello de Oleiros, por exemplo, creo que é un dos seis de Galicia que cobra directamente os impostos, porque hai outra parte, a ningún político lle gusta cobrar impostos, nin pasarlle a executiva a ninguén, entón é unha vía para escapar, “ai, non é o Concello, que é a Deputación quen che cobra”, esa é unha política tamén moi usada. Isto pasoulle recentemente nun comentario na Xunta de Galicia, cando as multas que se metían desde a Consellería de Ordenación de Territorio, que moitos dicían “métaas vostedes, apliquen vostedes a lei da Xunta, porque eu non podo tirarlle a casa a ninguén nin meterlle unha sanción”. Esa é unha maneira de escapar ás obrigas que ten un no concello. Polo tanto, eu creo que se a taxa que imaxino que está pensada para pagar aos traballadores que fan ese traballo, para pagar o correo, para pagar todas as actuacións que hai que levar adiante, para conseguir eses cartos para os concellos, porque algún concello, se non é a

Deputación, seguro que non recadaba nin un céntimo. Por ese tema, eu non hai moito fun a un concello e dinme, “Gelo, eu non cobro o lixo”, dixer, manda truco, e estalle reclamando diñeiro á Deputación, pois vai cobrando que vai sendo hora de que a cobres.

Polo tanto, eu creo que neste tema hai que deixarse de demagoxias, porque ademais dáse sempre o tema de que cando un goberna non se acorda de baixala, e cando non goberna, dillo ao outro para facelo. Polo tanto, os ingresos, nós aí, aquí non habería un orzamento con superávit se non houbera os ingresos que ten que haber pola xestión que ten que levar adiante a Deputación. Polo tanto, eu opóñome rotundamente a calquera rebaixa nese aspecto, se está xustifico que a taxa é necesaria para manter o servizo en bo estado, para que os concellos cobren ese diñeiro que lles fai falta.

Sr. Requeira Varela

Imos ver, eu efectivamente, eu prefiro as revolucións aos golpes de Estado, sempre, pero hai unha cuestión que me parece que, o Sr. Calvelo é unha persoa intelixente, e polo tanto eu aplaudo as persoas intelixentes, o que pasa é que xoga con ..., a intelixencia está ben, pero sempre esconde algo, a min gustaríame saber o que aforra o Concello de Arteixo, que ao mellor a razón de que se presente é xustamente o que aforra o Concello de Arteixo, pero cando falamos de reducir, imos estudalo, porque non podemos pedir que se incrementen as axudas ao Plan único e ao mesmo tempo reducir e que ingresemos menos, porque daquela as cousas non encaixan ben porque parte do diñeiro que destinamos aos concellos do territorio veñen porque ingresamos diñeiro, polo tanto hai que facer a conta, non vaia ser que aforren menos os concellos do que parece, e que aforre moito algún concello particularmente.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas, incidindo un pouco no que comentaba agora Xosé Regueira, di o Sr. Calvelo que evidentemente estes cartos son cartos dos veciños, como todos os cartos das administracións públicas, non só aqueles que se recadan a través deste servizo, senón a súa totalidade. Decía ademais que son cartos que deben ir aos veciños, como todos os cartos das administracións públicas, nesta Deputación, incluídos gastos de persoal, van a veciños da provincia, que traballan nesta Deputación, e o resto dos gastos se transfíren aos concellos por diferentes plans, nominativas, etc., etc. Polo tanto, é un argumento que calquera de nós compartiríamos e que non achega, digamos, nada a favor da proposta que fan desde o seu Grupo, toda vez que ademais se eses concellos quedan con eses fondos e non veñen á Deputación, tamén a capacidade do investimento da Deputación veríase reducida, e polo tanto, a través doutra vía eses concellos recibirían menos fondos tamén, porque loxicamente aquí non os podemos xerar por ciencia infusa. Polo tanto, pensamos, e penso que aí vai un pouco na liña do que comentaba o compañeiro Gelo agora tamén, comentaba vostede o tema de mendigar as nominativas. Evidentemente, para iso esta Deputación e este Goberno fixo un esforzo para sacar un Plan único que permita aos concellos que están mal, por exemplo dedicar fondos á débeda ou ao gasto corrente, e a outros dedicar máis fondos, ou polo menos ter máis liberdade á hora de investilos.

Claro, que no debate anterior cando é do orzamento medio deixamos a crítica de que o Plan único vén pouco máis que a solucionar todos os problemas da Deputación, e neste criticamos que eses concellos teñen que vir mendigar as nominativas, o que non podemos é dicir nun punto unha cousa e no seguinte a contraria. Polo tanto, repito, penso que habería que darlle unha volta a esta cuestión, ver en que maneira vai incidir na recadación da Deputación e, polo tanto, nos fondos que se distribúen en todos os concellos pero, repito, os argumentos non me parecen do peso suficiente como para respaldar unha medida deste tipo.

Sr. Calvelo Martínez

Eu creo que Gelo non se enterou absolutamente de nada do que propoñía, porque eu non estiven falando de redución de impostos, nin de baixar o IBI, nin de baixar o IAE, nin o Imposto de vehículos, eu o único que me limitei é que 81 concellos desta Deputación poidan dispoñer desa redución do 5 ao 2,5, 81 concellos, é que isto beneficia a todos, 81 concellos que terían autonomía con eses ingresos para poder decidir eles onde destinan os recursos ou onde queren gastar, por que teñen que vir aquí a suplicar, mendigar, acollerse a unha das subvencións da Deputación que ao mellor non lle interesa. É que me din que non é lóxica a formulación que está propoñendo neste caso o Partido Popular que favorece a 81 concellos?, estou falando da redución da voluntaria, que a voluntaria é limitarse a emitir os recibos da xente que paga, en executiva a porcentaxe de cobro está no 16%. Tamén a maiores da executiva, cando hai que ir a un tema xudicial, a porcentaxe de cobro é moito maior. O que ingresa o Servizo de Recadación seguramente polo cobro dos concellos é 11 millóns de euros, o Servizo e os traballadores que están nel non teñen ese custo, estamos falando de reducir tres millóns de euros para repercutir en todos os concellos. A min estráñame que os dous concellos que me dan a réplica, Oleiros e Carballo, non acheguen nada, absolutamente nada, á Deputación. Efectivamente, o Concello de Arteixo achega 750.000 euros anuais, a min se me din, me reducen a porcentaxe da Deputación, eu non pido nominativas, e haberá outros concellos como o caso de Arteixo, Narón, Culleredo, Ames, e logo tamén concellos máis pequenos como A Laracha, como pode ser Sada, que preferirían poder xestionar eses recursos deses veciños e non ter que vir aquí a facer a veces encaixes de palillos e pedir subvencións para algo que ao mellor non consideran necesario.

Se alguén me di que non ten lóxica esta proposta ou esta moción, pois mira, estarei equivocado, pero internamente eu sei que hai moitos alcaldes de vostedes que está a favor desta moción, só se pide a redución da porcentaxe, a porcentaxe, non imos baixar impostos, o único e exclusivamente é, en vez do 5%, que é excesivo en voluntaria, e téñeno que recoñecer, é excesivo en voluntaria, pois reducilo ao 2,5, para darlles despois esa liberdade e esa liquidez un pouco aos concellos. Eu creo que nese sentido que non a queiran apoiar, pois ben, e sobre todo con esta situación idílica, con esas palabras de a Deputación para todos os concellos, a Deputación para os concellos pequenos, si, a Deputación para os concellos pequenos pero sempre tutelándoos, hai concellos ao mellor pequenos que poden garantirse 40.000 euros e que poden destinar eles para o que queren. Por que estamos apostando?, por unha autonomía local que a estamos definindo aquí, ou por unha tutela e que esa tutela vaia en función do Grupo de goberno?, eu se quere ao mellor digo si, podo entender ao mellor as críticas do alcalde de Oleiros da anterior lexislatura, pero se quere tamén

empezamos a criticar os concellos do PP deste ano que non recibimos ningunha nominativa, e eu estou dicindo, pois evitemos as nominativas, e a min se me dan autonomía de cobro nese sentido, e autonomía de recadar o que nós estamos ingresando, eu creo que non ten que haber ningún problema, e de verdade, 81 concellos que beneficia, e sobre todo, outra cuestión, que a abordamos tamén na Deputación, que o período ao que estamos adscrito os concellos acaba en 2021, e que ao mellor moitos concellos en 2021 dinlle á Deputación que se fan eles cargo da voluntaria, non a executiva, a voluntaria, que é emitir o recibo e o padrón. E entón, que vai pasar ao mellor con eses traballadores actualmente de recadación?, nós pedimos baixar esa porcentaxe e os concellos que asinen a ampliación ao mellor a dez anos, que se pode debater, de seguir coa recadación, é que beneficia tanto aos concellos, como á Deputación, como aos propios traballadores.

Pero vólvoo dicir, en 2021 haberá concellos, probablemente o de Narón, probablemente os concellos un pouco grandes ou outros concellos que saiban emitir perfectamente o que son os padróns, e decidan, non, eu quedo coa voluntaria, porque tamén é moi cómodo que hai outros concellos que só lle meten a executiva á Deputación, porque diso non se fala, a executiva que si que dá traballo, pero a voluntaria, que é a que dá o beneficio, pois pasan dela, e aquí o que estamos pedindo é, equitativo para todo o mundo, 81 concellos que se benefician, reducir unha porcentaxe do 5 ao 2,5, meu deus, que problema hai, 179 millóns da Deputación, 30 millóns máis que vai haber, unha situación idílica, e estamos falando dunha actuación no orzamento do 2%, ou que pasa?, ao mellor algúns están interesados en seguir con esa actitude de dicir ese diñeiro se mo poden despois a min dar por outra nominativa, ou que pasa, ao mellor hai que vir aquí e volver subir aí enriba e montar un follón que a Deputación nos rouba, que ao mellor é como funciona, e eu niso non estou de acordo. Isto é equitativo, equitativo para todo o mundo e beneficioso para 81 concellos de todas as cores políticas.

Sr. García Seoane

Simplemente por alusións e moi breve, que hai dous concellos dos que aquí acabamos de expresarnos, que non achegamos nada, tampouco obrigamos a gastar nada, tampouco se gasta nada con nós, nós recadamos, non vimos aquí a que nos recade a Deputación, polo tanto, o que queira que lle recaden ten que pagar, porque en Oleiros pagamos a un montón de funcionarios para facer ese traballo. Polo tanto, está xustificado o que estou dicindo.

E despois por outro lado o que me estraña de Carlos é que está nun municipio que ten un futuro, ten presente, e vaise do Consorcio porque hai servizos que se poden facer máis baratos, pois eu non o pensaría nin un minuto, se el pensa que está perdendo aquí 700.000 euros, que se monte o Servizo de Recadación propio no Concello, que iso é o que ten que facer, para non perder os 700.000 euros. Polo tanto, hai que deixarse de demagoxias. E logo preguntaría, que non sei, cando se montou? ,na etapa do goberno bipartito ou na anterior?, unha pregunta. No tempo de Matusalem, pois está claro, cando un goberna é dunha forma e cando non goberna doutra.

Sr. Requeira Varela

Xa case o acaba de dicir Gelo, imos ver, Carballo gasta un montón de diñeiro en recadar, non lle pasa minuta á provincia, a cousa está fácil, os concellos que queiran recadar, que recaden, e efectivamente que o que recaden son autónomos para facer absolutamente e investilo onde lles dea a gaña, aquí non se está falando diso, porque é voluntario traspasarlle o servizo de recadación á Deputación, non lle obrigamos ao Concello de Arteixo nin a ningún concello en pasarlle a recadación á Deputación. Carballo gasta un montón de diñeiro en sacar un contrato de recadación, e polo tanto aí está, e o Concello de Oleiros igual. En todo caso, a min gustaríame que esta vehemencia fora a mesma nos anos anteriores de goberno do Partido Popular, onde os concellos se nos retiraron polo criterio de reparto de fondos desta Administración a través dun plan novo, que se chamaba DTC, un montón de diñeiro a todo o mundo, e enriba non nos caían nominativas.

E si me gustaría, e ademais creo que o alcalde de Arteixo non lle doerán prendas en recoñecelo, que se recoñeza aquí que os concellos do Partido Popular están levando nominativas, os do Bloque nos catro anteriores non, pero os do Partido Popular neste mandato están levando nominativas.

Sr. Leira Piñeiro

Podemos ter un debate profundo sobre este tema, con opinións dispares, pero que temos que encontralas, eu o que podo facer é unha proposta e un compromiso real de que quede sobre a mesa, e estudar ben a fondo cos servizos técnicos para que poida haber esa rebaixa substancial que ditaminen os informes que nos poidan pasar, porque aquí hai varias cuestións que hai que ter en conta que é que os concellos este hai que levalos aos Plenos, é un procedemento que leva un tempo. Ese compromiso que exista, vai existir, e é máis, incluso invítooo a vostede a que participe dentro desa comisión, dentro desa posible negociación, para ver cales son as posibilidades que pode haber, sen deixar pasar por alto o que aquí se acaba de comentar, a Deputación somos todos. Sr. Calvelo, vostede falaba de que, non vou entrar no tema de porcentaxe e comisión, que xa o dixoo vostede, comisión porcentaxe, non o quería dicir pero díxoo dúas veces, e xa o dixen outras dúas para que quede bastante claro, cada un que o chame como considere aínda que eu creo que o seu cualificativo téño bastante claro, e por suposto que é un diñeiro dos veciños, pero un diñeiro dos veciños foi sempre, foi sempre, e como é diñeiro dos veciños por iso temos que ser rigorosos, e fala de reparto equitativo, creo que estamos demostrando repartos equitativos, oxalá ese mendigar que fala vostede non o tiveramos que facer nós na Xunta de Galicia, oxalá que non fora así.

Eu invitaríao a que tamén predicaran co exemplo, todos os concellos estamos pagando un canon da auga que se ve reflectido despois nos servizos non de forma moi equitativa.

Polo tanto, chegado a este punto, ve que hai moito debate sobre este tema, pero imos darlle unha volta, hai un compromiso por parte dos servizos técnicos, vai haber un compromiso en que poida haber unha rebaixa substancial nesta taxa, e buscar tamén un enfoque para ver cal pode ser a mellor fórmula tendo en conta todo o procedemento que temos por diante, e afialo ben cos concellos, falabamos antes

tamén do escenario de 2021 que moitos concellos remataban esa ampliación, e tamén hai que telo en conta, polo tanto a vontade toda, pero con seriedade e imos velo entre todos, entre todos e para todos.

A proposta é que retiren a moción con este compromiso por diante.

Sr. Calvelo Martínez

Por alusións, porque aquí si que se mesturan, a recadación en voluntaria practicamente calquera concello de mediana entidade a pode facer, a executiva non, pero a voluntaria si que a pode facer, estamos poñendo en risco nun futuro que ao mellor haxa unha cantidade de concellos, dez, doce, vinte, que decidan a voluntaria, e que despois iso supoña ao mellor unha redución de carga de traballo no Servizo de Recadación, eu creo que estou advertindo seriamente, e entendo un pouco o que di tamén neste caso Leira, pero a petición, aquí pode cada un levarse o camiño a onde lle interesa, a min non me fales do canon da auga, porque se queres que che fale do canon da auga, eu dígoche que todos os concellos da área metropolitana comprámoslle a auga a Emalcsa en alta a 0,28, e a maioría dos concellos cobrámosla nos concellos a 0,19. E non me fales tampouco, que eu ás veces reitéroo, estamos aquí, dentro do que é a Deputación, para traballar para as entidades locais, a asunción de servizos por parte..., cantas atribucións terían que facer un pouco nese sentido outras administracións e téñenas que facer o concello?, pois o que estamos pedindo que esa redución da porcentaxe favorece a todos os concellos de todas as cores, e creo que non é, o único cando me estás dicindo, vale, aceptamos o compromiso, pero cando formalizamos ese compromiso?, é dicir, imos crear unha comisión sería de valoración, de traballo, e que haxa un prazo de tempo para poder facelo?, é o que digo. Pode haber un prazo para poder aplicar esa comisión?, porque a min non me vale que me digas sine die, sine die, cando?

Sr. Leira Piñeiro

Eu penso que o tema está bastante claro, nós comprometémonos a estudar o tema ao longo de 2018 para intentar aplicalo, que ese é o horizonte, cara aos orzamentos do ano que vén. Entón, dito todo o que falamos ata o de agora, hai que ter en conta todas as circunstancias que hai cos concellos, e as circunstancias con cada concello en particular. Polo tanto, vontade, toda, toda a vontade do mundo para que se poida aplicar dentro dos orzamentos do próximo ano.

Sr. Calvelo Martínez

Pero hai ese compromiso que en 2019 no orzamento se produza esa rebaixa?, é que senón retiramos a moción e votámola. Claro, eu é o que che digo, hai ese compromiso de levalo para os orzamentos de 2019?, porque se dicimos, estudásemolo, estudásemolo, coñecemos ben como está a Deputación.

Sr. Presidente

Unha cousa, respecto deste tema dicirche que non é unha comisión, a definición disto é unha taxa, e como tal a definición legal de taxa sabes que a prestación do servizo ten que cubrir o custo desa prestación, díxoo Gelo claramente.

Sabes cal é o ingreso por este concepto por parte da Deputación?, sabes cal é o custo?

Sr. Calvelo Martínez

Se poñemos tesoureiro, secretario, non están destinados directamente ex profeso a este servizo, eu sei perfectamente o custo e o que cobran os recadadores.

Sr. Presidente

A prestación do servizo, non dito por min, dito polos servizos, tanto de Recadación como de Intervención, o servizo é deficitario, para a túa tranquilidade. En 2021 cando expiren os convenios, eu estou convencido de que a maior parte dos concellos permanecerán na prestación do servizo, o persoal nunha administración como esta non corre nunca perigo, por suposto, ten que axustarse aos tempos, a dinámica do persoal ten que axustarse aos tempos, pero en calquera caso non hai queixas por parte da prestación do servizo, a xente está realmente satisfeita. Ti mesmo dicías ao principio que estás moi satisfeito pola prestación do servizo que fai a Deputación, o que si que podes quedar tranquilo que non vai haber a posibilidade de que un escolla a parte boa e deixe a parte mala. O que agora mesmo non se permite é conveniar só a parte executiva, non , agora mesmo non se permite. Agora mesmo non hai novas incorporacións, adhesións ao sistema de recadación que non asuma as dúas partes. Asumir para o 2019 ese compromiso, é dicir, si que hai un compromiso desde o principio, é verdade, de intentar, ademais é unha proposta do propio servizo de Tesourería, de axustar o custo do servizo, pero claro, comprometernos a levalo ao 2019 simplemente para que retiredes a moción, sería unha irresponsabilidade, é dicir, a nosa vontade é esa, o que pasa que como ben sabes, ao final estamos influíndo no capítulo de ingresos e, polo tanto, hai que recortar no capítulo de gastos, hai que decidir onde imos axustar. Eu o que digo é, se queres manter a moción, mantémola, imos votar en contra, polo menos o noso Grupo, pero non quere dicir que non sigamos falando disto, creo que hai que falalo co Servizo de Recadación e co Servizo de Intervención para ver ata onde se pode axustar, porque ao mellor non é un 5%, ao mellor é menos ou é máis o que se pode axustar nun período determinado. Entón, que a vontade é esa, si, pero comprometernos a unha data sería unha irresponsabilidade, como ben dicía creo que Gelo, isto é da época de Matusalem e non se axustou por algo. Seguro que alguén nalgún momento fixo esa petición, estou convencido.

Sr. Calvelo Martínez

Entón xa non é un goberno ta revolucionario como di Regueira, xa non somos tan revolucionarios, xa somos agora máis, imos dicilo así, xa estamos dentro da administración, xa estamos cando interesa imos acabar coas deputacións pero mentres estea eu nela e mentres me estea beneficiando, son revolucionario, pero revolucionario de pacotilla, iso está moi ben. O único que pedimos é, vaise abordar este tema en serio si ou non?

Sr. Presidente

Si

Sr. Calvelo Martínez

Vostede dá a súa palabra?

Sr. Presidente

Pódese crear unha comisión de estudo onde estean os que realmente saben disto, que son o tesoureiro e o interventor, servizos de Tesourería e Intervención, e que estean os portavoces dos Grupos, estudar ata onde se pode chegar seriamente.

Sr. Calvelo Martínez

A min váleme o teu compromiso Valentín, adquires o compromiso de que se faga esa comisión?

Sr. Presidente

Enténdote Carlos.

Sr. Calvelo Martínez

A xente que vén facer caer as deputacións, rise, pero nós non rimos. E é verdade que ás veces moléstalles as intervencións que podo facer eu, que pode facer outra xente, pero nosoutros tamén ás veces respectamos as súas intervencións. E cando che digo un compromiso dígocho porque eu teño confianza en ti.

Sr. Presidente

Agradézochos. Votamos a urxencia da moción.

Sr. Calvelo Martínez

Retirámola.

Sr. Leira Piñeiro

Mira, Carlos, o mesmo que dixo Agustín, pedíalle Agustín hai un pouco a Manolo Dios con outras palabras, pídoche eu a ti tamén algo parecido, polo menos un xesto, ou sexa, confías en Valentín como presidente, e Antonio Leira que é deputado e compañeiro, parece que queda en segundo plano. En calquera caso, eu tamén pediríache que mediras as túas palabras nese sentido.

Sr. Calvelo Martínez

Para que non lle pareza mal, confío en Antonio Leira tamén, que si que temos boa relación e confío, e se hai algunhas palabras, retiro o de revolucionarios de pacotilla.

Retírase a moción.

(Abandona o salón o Sr. Rivas Caridad)

II.MOCIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutive, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisibile no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña, a proposta da Plataforma SOS sanidade pública de compostela, acorda:

- Instar á Xunta de Galicia a que retire o anteproxecto de reforma da Lei galega de saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
- Restitúa as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.
- Que co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolva a Lei galega de saúde do ano 2008."

Sr. Presidente

Imos ratificar a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sra. Sanmartín Rei

Moi brevemente, xa a estas horas, o que traemos aquí é unha moción que nos pasa a Plataforma SOS Sanidade pública coa que concordamos, e que polo tanto o que queremos é sometela a consideración de todos os Grupos. Trátase dun problema importante, que lle preocupa a moitísimas persoas, eu creo que ao conxunto da poboación, e relacionado tamén co estado de auténtica emerxencia en que está a sanidade pública, este é un aspecto máis dentro dese progresivo desmantelamento da sanidade pública, dese progresivos problemas con perdas, reducións, pagamentos, repagamentos, e no medio de todo isto, en pleno mes de agosto, polo tanto a verdade que nas formas dunha maneira absolutamente opaca, absolutamente pouco transparente, con moi poucas posibilidades para a presentación de alegacións nun prazo moi reducido, preséntase este anteproxecto de modificación da Lei galega de saúde que se miramos as diferenzas fundamentais, o que ten, as cuestións que formula, por un lado é un pasar de ter en conta as necesidades sanitarias da poboación, a facerse xustamente todo o que ten que ver con prestación de servizos sanitarios e delimitación de áreas, tendo en conta os recursos sanitarios existentes. Polo tanto, é un cambio onde o que se fai é afastar a prestación sanitaria da xente, da poboación, un recorte de servizos e de persoal importante que, sobre todo, supón unha involución democrática moi, moi relevante, porque deixa partes moi transcendentales que se aproban de maneira unilateral por parte da Xunta, e onde se redacta, tal e como se fai referencia na propia moción, o artigo 23, que trata sobre os órganos de participación social, de tal maneira que onde se poñía que eses órganos de participación social van desenvolver funcións consultivas, de asesoramento, así como no seguimento e na avaliación dos resultados de execución, suprime esa palabra, avaliación, e limítase calquera tipo de control sobre as actividades da Consellería.

Á parte diso o que se fai é reducir as áreas sanitarias, consolidar a exclusión da atención primaria delas, co que significa de problema grave por esa redución, e consolidar o modelo privatizador do coñecemento, que xa se puxo en marcha coa creación da Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Así que sen estenderme máis a estas horas, o que propón como acordos que tomemos esta moción, xa digo, que nos traslada SOS Sanidade pública é, instar á Xunta de Galicia a que retire o anteproxecto de reforma da Lei galega de saúde, resituas as xerencias de atención primaria e dotalas de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución e que co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, se desenvolva a Lei galega de saúde do ano 2008.

Sra. Delso Carreira

Simplemente resaltar o noso respaldo a esta moción, como non podía ser doutra maneira, e que tamén facemos sempre que a sociedade civil sae á rúa a defender a saúde e a sanidade pública, e a solicitar, como se fixo recentemente en varias manifestacións, o Servizo Público de Saúde, que teña un trato por parte do Partido Popular á altura do que merecen as e os profesionais que o compoñen e, sobre todo, a necesaria unidade na súa defensa, pois a saúde non debe ser nunca un negocio.

Cremos que non pode ser que cada vez que falamos de sanidade sexa para lamentarnos por un novo retroceso, un retroceso que para variar parte dun xeito nocivo de facer política, estamos ante un anteproxecto que non escoita as profesionais, nin escoita as usuarias, nin os distintos sectores implicados no bo funcionamento do sistema sanitario e, como xa se dixo, limita facendo practicamente inviable a participación social.

Lexislar de costas a quen acaba sendo obxecto das políticas, nunha práctica nociva para a democracia, e que ademais acaba sempre repercutindo na prestación de peores servizos, e por se fose pouco, este anteproxecto de lei contén, como tamén xa se dixo, a eliminación de áreas sanitarias, co cal estamos ante un anteproxecto que vai acabar provocando un aumento considerable das listaxes de agarda en primeiras consultas, en probas diagnósticas, en intervencións cirúrxicas, con todo o que iso supón para profesionais e pacientes.

Sr. Agustín Hernández Fernández de Rojas

Moi rapidamente, porque creo que é importante subliñar algunhas cuestións, en primeiro lugar do que estamos a falar, estamos a falar dun anteproxecto de lei, aínda non foi aprobado polo Consello da Xunta e moito menos entrou no Parlamento de Galicia. Estamos a falar de que é un documento que o que pretende é actualizar a Lei de 2008 á situación actual, despois de case dez anos.

A verdade é que eu escoito asombrado como se pode faltar á verdade nunha administración pública, nun debate na Deputación, respecto do que acabo de escoitar que a lei, o anteproxecto, elimina as áreas sanitarias, coa nova lei as áreas sanitarias serán sete, exactamente coincidindo coas estruturas organizativas de xestión integradas existentes coa Lei de 2008, exactamente iso é o que di a lei. Polo tanto, faltar á verdade dese xeito tan groseiro, é cando menos sorprendente.

É certo, créanse os distritos sanitarios, e os distritos sanitarios o que van facer é blindar, por primeira vez, na sanidade pública galega os hospitais comarcais, precisamente o contrario do que se está afirmando. Xa é tamén absolutamente estratosférico, vou ser breve, o tema da transparencia da participación. Sra. Sanmartín, cando vostede traballa no mes de agosto, e non convoca ao resto dos voceiros para falar do Pazo de Meirás, é que vostede é moi traballadora, cando a Xunta de Galicia fai unha información pública no mes de agosto, é que pretende tramitar un expediente con nocturnidade e aleivosía.

Mire, a lei foi colgada no portal da transparencia no mes de agosto, é certo, pero a información pública que a normativa marca que sexa de quince días foi dun mes, aínda están manténdose xuntanzas e falando con todo o mundo, e en todo caso, ademais dicir que xustamente o mesmo día que a lei foi publicada o anteproxecto no portal de transparencia, a Xunta de Galicia, o SERGAS, comunicou o texto legal aos sindicatos sanitarios. Polo tanto, o que está claro é que estamos ante unha normativa que o que pretende precisamente é blindar a sanidade pública e o resto é ruído, que está ben facelo, pero a min gustaríame que foramos rigorosos ao respecto do que se está a falar, por iso nós obviamente imos votar en contra desta moción.

Sra. Sanmartin Rei

Unha cuestión por estas consideracións, por un lado que estamos falando dun tema moi delicado que, en todo caso, non corresponde nin única nin exclusivamente ao que eu opino, nin o Goberno, nin os Grupos que subscriben esta proposta de moción, senón ao que opina toda a comunidade e todo o ámbito sanitario, todo o colectivo de profesionais, todas as persoas que levan de maneira eu creo que unánime traballando, dicindo que é absolutamente un novo golpe á sanidade pública, este anteproxecto de lei, xustamente por ser un anteproxecto de lei estamos a tempo de paralo, nós o que pedimos é sentido común e que escoiten a voz de todos os profesionais de todos os ámbitos sanitarios, o que dicimos é xustamente que se escoite o que opina neste caso a Plataforma SOS Sanidade pública, pero se vai, e dígolle que fale absolutamente coas persoas que están traballando neste ámbito profesional, e o que pensan sobre esta lei.

Faise xustamente unha modificación, unha supresión, desas actuais áreas sanitarias, porque claro, xa se comezou previamente, no ano 2010 o PP xa iniciou esa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes coa posta en marcha das EOXIS, agora sen facer sobre esas estruturas organizativas de xestión integrada ningunha avaliación, de repente xa temos este anteproxecto enriba da mesa. Eu penso que xustamente porque estamos a tempo, porque é un anteproxecto, porque aínda non o aprobou, aínda que igual o aproban o 31 de decembro, porque aínda non foi aprobado, estamos a tempo de paralo, e pensamos que escoitar o que teñen que dicir todas as plataformas e todo o ámbito dos profesionais e das profesionais que traballan nestas áreas, e non abonda se alguén quere saber que pensa, cal é a percepción social ao redor do que empeorou, do que empeoraron os servizos sanitarios para o conxunto da poboación, pois non hai máis que pasear por calquera hospital e por calquera recuncho deste país.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutive, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisíbel no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña, a proposta da Plataforma SOS sanidade pública de Compostela, acorda:

- Instar á Xunta de Galicia a que retire o anteproxecto de reforma da Lei galega de saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
- Restitúa as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.
- Que co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolva a Lei galega de saúde do ano 2008."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Agustín Hernández Fernández de Rojas

Unhas cuestión moi breves, presidente. En primeiro lugar dicir que o Grupo Provincial Popular tivo coñecemento de varias queixas ao respecto do funcionamento da centralíña telefónica da Deputación. Simplemente que se fagan as xestións oportunas ao respecto de que se mellore a atención, porque parece ser que hai problemas para contactar.

Esa é a primeira, e xa para ser breve simplemente unha segunda xa máis de carácter local de Santiago, dicir que na DP 7804 que une Santiago co concello veciño de Trazo, xustamente no paso por riba do río Tambre, existe unha necesidade que entraña un certo perigo respecto da situación da ponte e da necesidade de mellorar a seguridade viaria e especialmente mediante a instalación dunha varanda nese punto, polo tanto, rogaría ao presidente que se ocupara e preocupara desta cuestión, que é un detalle menor pero importante respecto da seguridade viaria. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e sete minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.